

**PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 10**

**SESION ORDINARIA DO 26 DE XUÑO DE 2006**

**ASISTENTES**

Excma. Sra. Alcaldesa  
Alonso Vázquez, Xulio  
Bermúdez Pérez, Silvia  
Caballero Miguez, Gonzalo  
Calviño Rodríguez, Xullo  
Coello Bufill, Antonio  
Comesaña Abalde, Carlos  
Cotobad Tombo, Elías Carlos  
Couto Pérez, José Manuel  
Fernández Fernández, Amador  
Figueroa Vila, José Manuel  
Graña Barcia, María Luisa

Guerra Fernández, Javier Jorge  
López-Chaves Castro, Ignacio Javier  
Martíns Vilanova, Margarida Rosa  
Méndez Piñeiro, María Xosé  
Molares Pérez, Lucía Emilia  
Polo Lima, María Soledad  
Ruiz Cenicerros, Mauricio  
Sío Lourido, Belén  
Soto Ferreiro, Manoel  
Toba Girón, Xabier  
Vieitez Alonso, Henrique

**NON ASISTEN:**

Arias Moreira, José Carlos  
Barros Puente, Miguel  
Iglesias Carrera, José Manuel  
Porteiro García, María Josefa

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as nove horas e sete minutos do día vinteseis de xuño do ano dous mil seis, coa Presidencia da Excma. Sra. Alcaldesa, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Corina Porro Martínez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Bermúdez Pérez, Caballero Míguez, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde (con retraso), Cotobad Tombo, Couto Pérez, Fernández Fernández, Figueroa Vila, Graña Barcia, Guerra Fernández, López-Chaves Castro, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Polo Lima, Ruiz Cenicerros (con retraso), Sío Lourido, Soto Ferreiro, Toba Girón e Vieitez Alonso, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a tódolos Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Non asisten os Sres. Barros Puente, Arias Moreira e Iglesias Carrera e a Sra. Porteiro García (xustifica ausencia). Está tamén o Interventor Xeral, don Juan Ramón González Carnero.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a trata-los asuntos da orde do día.

1.- (116).-ACTA ANTERIOR. (SESIÓN 24.04.06)

(Están ausentes os Sres. Arias Moreira, Barros Puente, Comesaña Abalde, Iglesias Carrera e Ruiz Ceniceros e a Sra. Porteiro García)

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinteún membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, apróbase a acta correspondente á sesión ordinaria do Pleno da Corporación que tivo lugar o día 24 de abril de 2006.

2.- (117).-TOMA DE COÑECEMENTO DO ESCRITO DE RENUNCIA Ó CARGO DE CONCELLEIRO DE D. MIGUEL BARROS PUENTE, DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE.

ANTECEDENTES.- Examinado o escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 14 de xuño de 2006, polo que o concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, don Miguel Barros Puente renuncia ó seu cargo de concelleiro dende esa mesma data, ó abeiro do sinalado nos arts. 182 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral, 223.4 da Lei Autonómica 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e 7.4 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, e en función do previsto na Instrucción do 19 de xullo de 1991, da Xunta Electoral Central sobre substitución de cargos representativos locais,

ACORDASE:

Primeiro.- Tomar coñecemento do escrito presentado.

Segundo.- Comunicar o presente acordo á Xunta Electoral Central ó obxecto de que se proceda á substitución do Sr. Concelleiro citado conforme ó disposto na Lei Orgánica de Réxime Electoral Xeral, debendo a estes efectos expedir e remitir a esta Corporación a credencial acreditativa da condición de electo a favor do candidato ó que corresponde cubrir a vacante producida.

Terceiro.- Indicar á Xunta Electoral Central que, a xuízo desta Corporación, a candidata que debe cubrir a vacante producida é D<sup>a</sup> Alicia Garrido González, candidato número 10 da lista electoral presentada polo Partido Socialista Obrero Español ás últimas eleccións municipais.

Cuarto.- Remitir urxentemente certificación do presente acordo á Xunta Electoral Central a efectos de que ese órgano electoral teña coñecemento desta circunstancia e actúe en consecuencia.

INTERVENCIÓN DO SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: No nome do Grupo municipal socialista queríamos pedir que conste moi expresamente en acta a lembranza máis fraternal ó compañeiro, don Miguel Barros, o agradecemento do noso Grupo e supoño que de toda a Corporación polo traballo realizado durante os tres anos e pico que estivo compartindo connosco as tarefas neste Pleno da Corporación, en todos os traballos municipais e, por suposto, desexarlle o maior número de éxitos na súa andaina profesional e de todo tipo na súa vida a partir de agora. Unha lembranza o máis agarimosa posible ó compañeiro Miguel Barros.

A PRESIDENCIA: Por parte do Grupo Popular unímonos a ese sentimento e penso que podó dicir que tamén o resto dos grupos da Corporación.

*Neste intre se incorpora á sesión o concelliro Sr. Ruiz Cenicerós.*

3.- (118).-PROPOSTA DA XUNTA DE VOCEIROS DE NOMEAMENTO DUN REPRESENTANTE DOS INTERESES SOCIAIS NO CONSELLO SOCIAL DA UNIVERSIDADE DE VIGO.

ANTECEDENTES.- A Xunta de Voceiros, en sesión do día 22 de xuño de 2006, por unanimidade adoptou o seguinte acordo:

A Xunta de Voceiros por unanimidade dos seus membros presentes acorda elevar ó Pleno a seguinte proposta:

*"ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello do 7 de abril de 2006 do presidente do Consello Social da Universidade de Vigo, comunicase que con data 26 de marzo recibiron escrito de renuncia de D. Lois Pérez Castrillo como membro do Consello Social.*

*Segundo o disposto no artigo 7.3.f) e na disposición transitoria primeira da Lei 1/2003, do 9 de maio, dos Consellos Sociais do Sistema Universitario de Galicia, esta Xunta de Voceiros propón:*

*Primeiro.-Propoñer á concelleira D<sup>a</sup> Lucía Molares Pérez como representante dos intereses sociais no Consello Social da Universidade de Vigo.*

*Segundo.- Trasladar este acordo ó Consello Social da Universidade de Vigo."*

(Están ausentes os Sres. Arias Moreira, Barros Ponte, Comesaña Abalde e Iglesias Carrera e a Sra. Porteiro García).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintedous membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a proposta da Xunta de Voceiros de nomear a D<sup>a</sup> Lucía Molares Pérez coma respresentante deste Concello no Consello Social da Universidade de Vigo.

4.- (119).-NOMEAMENTO DE NOVO CONCELLEIRO COMO MEMBRO DO CONSELLO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 60070096, a voceira do Grupo municipal Socialista solicita o cambio do concelleiro do devandito grupo don Miguel Barros Ponte no Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, polo concelleiro do mesmo grupo don Xulio Calviño Rodríguez.

(Están ausentes os Sres. Arias Moreira, Barros Ponte, Comesaña Abalde e Iglesias Carrera e a Sra. Porteiro García).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintedous membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Nomear coma membro do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo en representación do Grupo municipal Socialista da don Xulio Calviño Rodríguez en substitución do concelleiro do mesmo Grupo don Miguel Barros Ponte.

5.- (120).-PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REFORMA INTERIOR MONTE DA GUÍA.  
DESESTIMENTO E ARQUIVO. EXPTE. 6116/411.

ANTECEDENTES.- O arquitecto xefe de Planeamento e máis o técnico de administración xeral, Sres. Alonso Fernández e Cominges Cáceres, coa conformidade do concelleiro delegado e máis do Xerente de Urbanismo, con data 16 de xuño de 2006, informan do que segue:

"1.- O Plan Especial "IV-14" de Protección do Monte da Guía é un instrumento de planeamento secundario de iniciativa municipal previsto no vixente Plan Xeral de ordenación urbana de Vigo, aprobado definitivamente polo Consello da Xunta de Galicia no 29/04/1993 (BOP 133 do 14/07/93) - PXOU/93-.

2.- No ano 1998 o Concello de Vigo iniciou o expediente de contratación da asistencia técnica necesaria para a redacción do dito planeamento secundario, mediante concurso público que se adxudicou ó equipo composto polos arquitectos D. José Ramón Gago Alonso, D. José Manuel Alonso Ogando, D. Enrique Urdiales de Santiago e D. Jesús Irisarri Castro, e o enxeñeiro técnico agrícola, técnico en medio ambiente D. Carlos Urdiales Alonso, asinándose o contrato no 09/11/1998.

3.- En data 23/06/2000 presentouse unha primeira documentación do Plan, o 06/03/2001 unha documentación corrixida que se remitiu para informe a diversos organismos públicos e departamentos municipais, entregándose o 06/09/2004 a versión final e rectificada do Plan Especial.

4.- O 20/09/2004, previos os informes pertinentes, a Xunta de Goberno Local acordou aprobar inicialmente o devandito Plan Especial de Protección. A continuación abríuse un trámite de información pública polo prazo dun mes, mediante publicación de anuncios no DOG do 05/11/2004, e nos diarios La Voz de Galicia e Faro de Vigo do 21/10/2004 e 22/10/2004, así como notificación individualizada aos propietarios do ámbito. Así mesmo o acordo de aprobación inicial requiría da solicitude de informes dos distintos servizos municipais e administracións sectoriais, así como a remisión ao equipo redactor da revisión do PXOM para o seu estudo e incorporación nos traballos de revisión.

5.- Durante o devandito período de información pública presentáronse 295 escritos de alegacións. Como consecuencia delas e do avanzado estado de tramitación do proceso de revisión do Plan Xeral de Ordenación Urbana, o Concelleiro-Delegado de Urbanismo ordenou a paralización do procedemento.

6.- Remitiuse unha copia do Plan Especial ao equipo redactor do novo Plan Xeral. No PXOM aprobado inicialmente por acordo plenario do 30/12/2004 mantívose nese ámbito a mesma ordenación ca do citado Plan Especial de Protección (A-5-02). Porén, tralo período de información pública aberto a continuación, modificouse substancialmente dita ordenación. Así, no novo PXOM aprobado provisionalmente por acordo plenario do 19/05/2006 modificouse substancialmente dita ordenación, diminuíndose a superficie do ámbito remitido ao Plan Especial de Protección do Monte da Guía (sistema xeral de espazos libres e zonas verdes) e configurándose unha actuación

nova denominada "A 5-06 GONDESENDE", cun aproveitamento tipo de 0,599 M2C/M2 en parte dos terreos do ámbito do anterior Plan Especial da Guía.

7.- Esta nova determinación do PXOM é incompatible co mentado Plan Especial de Protección do Monte da Guía que se viña tramitando consonte co Plan Xeral de 1993, o que impide a súa aprobación.

#### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Tal e como se indicou na relación de antecedentes, a ordenación proxectada no Plan Especial "IV-14" de Protección do Monte da Guía resulta incompatible coa do novo PXOM provisionalmente aprobado por acordo plenario municipal do 19/05/2006. Neste último a Corporación municipal, no exercizo lexítimo e discrecional da potestade de planeamento decidiu establecer nese ámbito unha nova ordenación, que diverxe substancialmente da prevista no devandito proxecto de Plan Especial e no anterior PXOU-93.

Resulta improcedente polo tanto continuar tramitando este Plan Especial ata a súa aprobación, cando se coñece de antemán, en primeiro termo, que a Corporación municipal desexa outra ordenación distinta para ese ámbito. En segundo lugar que, aínda no caso hipotético de que fose aprobado, non se podería executar totalmente, dada a súa incompatibilidade co novo PXOM (art. 77.2 Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia -LOUGA-).

Procede en consecuencia dictar a pertinente Resolución que poña fin a este procedemento, consonte co disposto no art. 89 Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRXA-PAC).

Sen prexuízo do contido da proposta que a continuación se formula, unha vez aprobada polo Pleno a oficina de Servizos Centrais da Xerencia e a autoridade competente deberán acordar a finalización ou modificación do contrato de asistencia técnica suscrito co equipo redacto do Plan Especial, previos os trámites pertinentes.

É competente para adoptar o acordo que agora se propón, o Pleno do Concello, de conformidade co disposto no art. 123.1.i) LBRL."

Polo exposto os funcionarios informantes emiten a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do 22 de xuño de 2006, propón ó Pleno da Corporación a aprobación da devandita proposta.

(Están ausentes os Sres. Arias Moreira, Barros Ponte, Comesaña Abalde e Iglesias Carrera e a Sra. Porteiro García).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con vinte votos a favor dos Sres. e Sras. Bermúdez Pérez, Caballero Miguez, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Cotobade Tombo, Couto Pérez, Fernández Fernández, Figueroa Vila, Graña Barcia, Guerra

Fernández, López-Chaves Castro, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Polo Lima, Ruiz Cenicerós, Sío Lourido, Toba Girón, Vieitez Alonso e a Presidencia, e a abstención dos Sres. Alonso Vázquez e Soto Ferreiro, acórdase:

Primeiro.- Concluir o procedemento de aprobación do PLAN ESPECIAL IV-14 DE PROTECCIÓN DO MONTE DA GUÍA, de iniciativa pública, redactado polos arquitectos D. José Ramón Gago Alonso, D. José Manuel Alonso Ogando, D. Enrique Urdiales de Santiago e D. Jesús Irisarri Castro, e o técnico en medio ambiente D. Carlos Urdiales Alonso, desistindo do mesmo e procedendo ao seu arquivo (expte. 6116/411).

Segundo.- Notifíquese o contido íntegro deste acordo aos propietarios do ámbito e alegantes, coa indicación de que contra él cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses. Notifíquese tamén ao equipo redactor do Plan Especial, á oficina de "Servizos Centrais" da Xerencia de Urbanismo e ao equipo redactor do novo Plan Xeral.

6.- (121).-CAMBIO DE USO DOTACIONAL NO PLAN PARCIAL DE NAVIA. EXPTE. 10075/411.

ANTECEDENTES.- Con data 19 de xuño de 2006 o técnico de administración xeral de Xestión e Planeamento da Xerencia Municipal de Urbanismo informa do que segue:

"En data 03/06/1996 o Pleno do Concello acordou aprobar definitivamente o Plan Parcial de Navia (expte. 2444/411, BOP núm. 183, do 20/09/1996), en desenvolvemento do Programa de actuación urbanística aprobado no 08/02/1996. Dito acordo foi clarexado noutro posterior de data 29/04/2002 (expte. 7556/411, BOP 19/07/2002). No 03/10/1997 o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo acordou aprobar definitivamente o Proxecto de Urbanización dese ámbito (expte. 3992/401). No 25/03/2005 o Pleno municipal, adoptou o seguinte acordo: "(...) Segundo.- Aprobar definitivamente a modificación puntual núm. 1 do plan parcial de Navia, promovida por Xestur Pontevedra Xunta de Galicia, na súa última versión, con documentación redactada pola entidade mercantil Alameda 12 S.L., asinada polo enxeñeiro de camiños, canles e portos don Benito Fernández, datada en febreiro de 2004 e xaneiro de 2005 -expte. 7849/411- (...)".

No 22/06/2005 a Xunta de Goberno Local aprobou o convenio de cesión da titularidade de aproveitamento e dotacións públicas derivadas do Plan Parcial (Expte. 4609/401). Entre as parcelas cedidas figuran as seguintes:

- Parcela "S-1" destinada a equipamento social, sita na etapa II. Mide a superficie de seis mil setecentos metros cadrados (6.700 m<sup>2</sup>). Linda: norte espazo libre P-2, sur Rúa 2-f, leste espazo libre P-2 e oeste, Rúa 2-d. Con posterioridade, por acordo da Xunta de Goberno Local do 27/03/2006 rectificouse a descrición anterior, quedando a parcela de equipamento do seguinte xeito: Parcela "S-1-2" sita na etapa II, destinada a equipamento social. Mide a superficie de catro mil douscentos metros cadrados (4.200 m<sup>2</sup>). Linda, norte: Parcela do Bispado e espazo libre P-2; sur: rúa 2-f; espazo libre P-2; oeste: rúa 2-d e parcela do Bispado.

- Parcela "E-4" destinada a equipamento docente, sita na etapa III-fase A. Mide a superficie de trinta e cinco mil metros cadrados (35.000 m<sup>2</sup>). Linda norte Rúa 2-f, Sur Rúa 3-g, leste espazo libre P3 e oeste Rúa 3-d.

O 22/02/2006 a Consellería de Sanidade remitiu un escrito ao Concello solicitando certa documentación para a tramitación do expediente de cesión da parcela de equipamento social.

No 19/06/2006 a Alcaldesa-Presidenta dictou Resolución de incoación deste procedemento de cambio de uso dotacional público das devanditas parcelas, motivado nas necesidades e previsións actuais das Administracións Públicas que as van xestionar e de acordo cos planos elaborados na oficina municipal de Cartografía. No mesmo día a arquitecta da oficina municipal de Planeamento emitiu un informe ao respecto.

#### FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS.

I.- Posibilidade legal de modificación do uso de parcelas destinadas a equipamento.- O art. 47.4 Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia (LOUGA) dispoñe que: "(...) O Concello Pleno, por maioría absoluta legal e sen necesidade de seguir o procedemento de modificación do plan, poderá acordar o cambio de uso dos terreos reservados para equipamentos públicos por outro uso dotacional público distinto, sempre que se manteña a titularidade pública ou se destine a incrementar as zonas verdes e os espazos libres públicos (...)".

II.- Situación urbanística das parcelas de equipamento para a que se pretende a modificación do uso de equipamento.- Segundo o citado informe da arquitecta municipal o Plan Parcial destiñaba as parcelas de referencia a equipamento social (S-1-2) e educativo (E-4). En virtude desta proposta, unha porción de 6500 m<sup>2</sup> da parcela "E-4" destiñábase a un uso de equipamento social. Así mesmo, a parcela "S-1-2", de 4.200 m<sup>2</sup> de superficie, que orixinariamente destiñábase a equipamento social na etapa II adicarase a un uso sanitario. As condicións urbanísticas para a execución de calquera obra de construción ou utilización do solo, serán as derivadas da normativa e ordenanzas do Plan Parcial de Navia, na súa última versión.

III.- Órgano competente para a adopción do acordo que se propón.- É competente para dictar o acordo que agora se propón o Pleno do Concello, por maioría absoluta do número legal dos seus membros, tal e como preceptúa o art. 47.4 LOUGA. Dita circunstancia motiva que sexa necesario a emisión de previo informe por parte da Secretaría e a Intervención municipal, nos termos establecidos no artigo 3º do real decreto 1174/87, do 18 de setembro, de réxime xurídico dos funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional."



Polo anteriormente exposto o funcionario informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do 22 de xuño de 2006, acorda propoñer ó Pleno do Concello a aprobación da devandita proposta.

Con data 26 de xuño o interventor xeral e mái o secretario xeral do Pleno prestan a súa conformidade o informe-proposta do técnico de Urbanismo transcrito.

(Están ausentes os Sres. Arias Moreira, Barros Ponte, Comesaña Abalde e Iglesias Carrera e a Sra. Porteiro García).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con vinte votos a favor dos Sres. e Sras. Bermúdez Pérez, Caballero Miguez, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Cotobade Tombo, Couto Pérez, Fernández Fernández, Figueroa Vila, Graña Barcia, Guerra Fernández, López-Chaves Castro, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Polo Lima, Ruiz Cenicerós, Sío Lourido, Toba Girón, Vieitez Alonso e a Presidencia, e a abstención dos Sres. Alonso Vázquez e Soto Ferreiro, acórdase:

Primeiro.- Aprobar o cambio de uso dotacional no Plan Parcial de Navia, nas parcelas "S-1-2" (4.200 m2 de superficie, etapa II) e "E-4" (porción de 6.500 m2 de superficie, etapa III-fase A), de conformidade co disposto no art. 47.4 Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística de Galicia tal e como se recolle no plano de ordenación elaborado pola oficina municipal de Cartografía en xuño de 2006 (expte. 10075/411).

O novo uso dotacional-equipamento das devanditas parcelas será o seguinte:

- Parcela "S-1-2", de 4.200 m2 de superficie: equipamento sanitario público.
- Parcela "S-4", de 6.500 m2 de superficie: equipamento social público.

Segundo.- Publíquese este acordo no BOP e no DOG. Notifíquese o seu contido íntegro, xunto cunha copia do plano de ordenación resultante da modificación, ás Consellerías de Política Territorial, Vivenda e Sanidade. Tamén ás oficinas municipais de Patrimonio, Benestar Social e Cultura. Contra él cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

7.- (122).-PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS DO ORGANISMO AUTÓNOMO MUNICIPAL PARQUE DAS CIENCIAS-VIGOZOO.

ANTECEDENTES.- Con data 25 de abril de 2006, o secretario delegado do organismo autónomunicipal Parque das Ciencias-VigoZoo, Sr. Rodríguez García, informa do que segue:

"O Pleno da Corporación en sesión realizada o día 30 de xaneiro de 2006 e a proposta do Consello de Administración do organismo autónomo municipal Parque das Ciencias-VigoZoo, acordou suprimir o artigo 25 dos estatutos que contiña as funcións do director-veterinario.

O fundamento do acordo era trasladar as funcións do posto, integrado no cadro de persoal do organismo que forma parte da plantilla e a relación de postos de traballo, tendo en conta que a súa caracterización, "órgano de goberno" do organismo, coa que figura nos estatutos, non se axusta á realidade, especialmente trala aprobación da Lei de medidas para a modernización do goberno local, que inclúe na Lei de bases de réxime local o artigo 85 bis referido ós organismos autónomos locais, e onde se contempla a figura do xerente como máximo órgano de dirección do organismo, que nos municipios sometidos "ó réxime de grandes cidades", terá a consideración de órgano directivo que poderá desempeñar mesmo un profesional alleo á administración.

Contra o dito acordo o Sr. director-veterinario no prazo establecido ó efecto formula alegacións que se circunscriben ós seguintes aspectos:

- a) Que aínda que "desposeerlle" das funcións de xestión é posible, non o é pola contra facelo respecto ás de veterinario que deberán manterse no instrumento no que se regulen.
- b) Que esta supresión non lle debería afectar ás súas retribucións.
- c) Que ven realizando funcións que exceden do seu contrato e que debe seguir realizando con igual carácter e retribución.

En relación coas ditas alegacións emítese o seguinte informe:

Con carácter xeral deben rexeitarse porque non gardan relación ningunha co acordo adoptado que só ten por obxecto a modificación dun regulamento, que é unha norma de carácter xeral. É evidente que suprimir dos estatutos as funcións do director-veterinario para as incluír na relación de postos de traballo para nada afecta ás relacións singulares do organismo autónomo co seu persoal, polo que as funcións continuarán sendo as mesmas, sen prexuízo das modificacións que posteriormente poidan realizarse a través dos canles legalmente establecidos. Tampouco este acordo afecta para nada ó seu réxime de retribucións que se establecen anualmente con ocasión da aprobación do orzamento e do cadro de persoal. Por último, en canto ás funcións extraordinarias que realiza e polas que percibe un complemento de produtividade, é indubidable que tampouco lle afecta, xa que como recoñece a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de data 29 de xuño de 2005, dictada nun recurso promovido polo alegante, ditas retribucións deberán manterse mentres siga realizando funcións distintas ás do seu posto de traballo.

Sen embargo e ó fío da afirmación que realiza o alegante no seu escrito relativa a que "se suprime soamente o artigo 25 dos estatutos quedando incólume a existencia do posto de traballo, categoría, regulación legal e requisitos de aptitude que se regulan nos artigos 23 e 24", consideramos que para cumprir efectivamente coa finalidade do acordo deberá suprimirse calquera referencia a dito cargo, onde, repetimos, a figura de director-veterinario aparece configurada como órgano de goberno."

Polo anteriormente exposto, o secretario-delegado do OA Parque das Ciencias-VigoZoo, emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O Consello de Administración do organismo autónomo Parque das Ciencias-VigoZoo, na súa sesión do día 29 de abril, deu a súa aprobación á citada proposta.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 19 de xuño, dictaminou favorablemente.

(Están ausentes os Sres. Arias Moreira, Barros Puentes, Comesaña Abalde e Iglesias Carrera e a Sra. Porteiro García.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con dezasete votos a favor dos Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Bermúdez Pérez, Coello Bufill, Cotobade Tombo, Couto Pérez, Fernández Fernández, Figueroa Vila, Guerra Fernández, López-Chaves Castro, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Polo Lima, Soto Ferreiro, Toba Girón, Vieitez Alonso e a Presidencia, e cinco abstencións dos Sres. e Sras. Caballero Miguez, Calviño Rodríguez, Graña Barcia, Ruiz Cenicerós e Sío Lourido, acórdase:

Primeiro.- Desestimar as alegacións presentadas por D. Juan Antonio Freitas Berbel, director-veterinario do Parque das Ciencias-VigoZoo, polos motivos que figuran no informe que se transcribe nos antecedentes e, en consecuencia, aprobar definitivamente o acordo de aprobación inicial da supresión do artigo 25 dos estatutos que fai referencia as funcións do director-veterinario.

Segundo.- Aprobar inicialmente nos estatutos vixentes a supresión das seguintes referencias ó director-veterinario:

- Apartado c).B do artigo 6, (que se refire as facultades a exercer polo Alcalde): "Designación do director-veterinario, a proposta do Consello de Administración".
- Apartado d).1 do artigo 7, (que se refire ós órganos da Fundación): "O director-veterinario..."

- Apartado e) do artigo 19 (que se refire ás facultades do presidente): "Suprimir só o parágrafo levar xunto co director-veterinario".
- Artigo 23: "O director-veterinario forma parte do Consello de Administración da Fundación con voz pero sen voto. O cargo de director-veterinario haberá de ser desempeñado por veterinario titulado coa aptitude e experiencia adecuada ás funcións a desenvolver dentro da esfera de competencias que se lle atribúen. O nomeamento do director-veterinario corresponde á Alcaldía a proposta en terna do Consello de Administración".
- Artigo 24: "A relación de servizo do cargo de director-veterinario respecto á Fundación, rexerese polas normas de dereito laboral, de conformidade co previsto no artigo 26 do Real Decreto 3046/1977, do 6 de outubro. O contrato conterá as cláusulas relativas a dereitos, deberes, situacións, incompatibilidades e demais determinacións en relación co desempeño do cargo".
- Calquera outra referencia que os estatutos poidan conter á figura do director-veterinario."

Terceiro.- Someter a aprobación inicial a información pública mediante inserción de anuncio no BOP a efectos de que os interesados, no prazo de 30 días hábiles, efectúen as reclamacións e suxestións que consideren conveniente debéndose entender definitivamente aprobado o regulamento no suposto de que non se produxeran.

Explicación de voto da concelleira Sra. Graña Barcia, polo Grupo municipal Socialista:

Ó igual que fixemos na aprobación inicial, non podemos apoiar esta modificación puntual dos estatutos porque ó noso entender existe un deber incumprido por parte do Goberno, van xa máis de dous anos da aprobación da Lei de modernización de entidades locais e non se trae aquí a modificación e adaptación da totalidade dos estatutos do organismo autónomo, sinxelamente tráese unha modificación puntual. Non só non se está traballando niso, senón que a Comisión de regulamentos nin sequera se reúne dende hai meses.

8.- (123).- APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DE REGULAMENTO XERAL DE SUBVENCIONS. EXPTE. 856/321.

DEBATE.- SR. VIÉITEZ ALONSO: Traen vostedes a Pleno esta aprobación inicial e en primeiro lugar o que temos que dicir é que ven cun excesivo atraso. A Lei xeral de subvencións 38/2003, que entrou en vigor o 18 de febreiro de 2004, entroutras cousas establecía na súa Disposición transitoria un

período dun ano para proceder a axeitar a normativa municipal á esta Lei xeral.

Levamos aproximadamente dous anos e medio e tráena vostedes con excesivo atraso pero tamén temos que dicir que con excesiva présa.

Remitíndonos ó expediente en si, entendemos que non lles fixeron caso ás recomendacións dos servizos que obrigatoriamente tiñan que informar, Intervención e Asesoría Xurídica, que din que sería moi necesario e conveniente que o resto dos servizos, sobre todo os afectados, efectuaran o seu informe.

Os servizos xurídicos en tres ocasións se non me equivoco voltan repetir esta recomendación por necesaria, entroutras cousas porque sería conveniente saber qué pensan na medida en que tramitan subvencións de distinto tipo; podemos falar dos servizos de Urbanismo, Cultura, Festas e Animación Sociocultural, Servizos Sociais, etc. e vostedes, insisto unha vez máis, fixeron caso omiso desa recomendación, non sabemos por qué razón pero sería conveniente saber o que pensan nomeadamente determinado tipo de servizos dado o tipo de subvencións que tramitan, cando afectan a unha parte moi importante da poboación e nomeadamente aquela que ten menos recursos e oportunidades nesta sociedade.

Vostedes fixeron caso omiso, pero o que é máis, non convocaron o Consello sectorial de Participación Cidadá para facer un debate e escoitar ás distintas entidades sociais do tipo que fosen: deportivas, culturais, veciñais, etc., para saber a súa opinión.

Vostedes saben que este sempre foi e é un tema controvertido e máxime cando estamos falando de aplicar unha lei que supón un cambio a respecto do que se viña facendo ata agora e en certa medida vai solicitar unha maior rigorosidade á hora de dar as subvencións porque nós estamos de acordo.

Vostedes non convocaron o Consello Sectorial de Participación Cidadá e polo tanto todas aquelas entidades ás que precisamente van destinadas estas subvencións tampouco puideron dar a súa opinión.

Polo tanto este proxecto que vostedes traen aquí nace non só tarde, non só á présa e correndo, senón tamén eivado tanto a nivel interno coma externo. Nese sentido non recolle unhas achegas moi importantes que puideran facer calquera destas entidades e sobre todo dos servizos propios municipais.

Por isto ó noso entender é un regulamento tremendamente coxo, fóra de contexto e que dende logo nin moito menos axuda a resolver un problema que xa tiñamos que ter resolto hai máis de ano e medio.

Por non entrar no seu propio contido, que sinceramente algúns ó noso entender son de dubidosa aplicabilidade; noutros aspectos entendemos que non mellora en absoluto a política que se viña desenvolvendo ata agora de subvencións e por outro lado noutros aspectos entendemos que é lioso e dificulta enormemente a súa tramitación. Aspectos importantes coma o dunha única convocatoria anual, formularios tipo normalizados, pulo dos medios telemáticos para a súa tramitación, prazos de resolución que coidamos excesivos, o control do Pleno dos indicadores de obxectivos de outorgamento, entroutros temas, non veñen recollidos por ningures. Ó noso entender é un Regulamento coxo e o máis importante non é facerse a fotografía ou dicir que cumprimos porque en todo caso cumpriríamos tarde e mal.

Nós entendemos que este expediente se debe retirar da orde do día para que coma mínimo conteña os informes dos servizos municipais afectados e que se convoque o Consello sectorial de Participación Cidadá para que emita o seu informe. Pensamos que este é o único xeito de corrixir e mellorar este Regulamento e que non por tarde melloraremos moitísimo a actuación do Concello de Vigo.

SR. SOTO FERREIRO: Eu fago miñas as verbas do Sr. Viéitez e digo algo máis: está moi fundamentado no noso traballo. O noso traballo nesta dirección é anterior á promulgación da lei. Na Corporación anterior, vaian vostedes ás actas se queren porque aí verán que cada vez que se aprobaba un orzamento unha das emendas que nós faciamos era xustamente a petición dun regulamento coma o que hoxe ven.

Independentemente do tratado do Regulamento, este pode ser mellorable pero tampouco nos parece mal; agora ben, a eiva de que non se consultara ó movemento cidadán para quen en principio está destinado parécenos unha falla grave que deba ser corrixida porque se pode perder un pouco de tempo, coma dicía o Sr. Viéitez, pero se pode gañar no seu conxunto.

SRA. GRAÑA BARCIA: Engadímonos á petición formulada polo BNG. Efectivamente queremos salienta o atraso co que se traballou neste asunto, cáseque tres anos logo do acordo da Comisión de Goberno de adaptación da normativa municipal á Lei de subvencións e sete meses logo da presentación polo noso grupo dunha moción na que precisamente se instaba a que se realizara este traballo.

Á parte das ausencias en canto a informes que manifestaba o BNG, queremos tamén sinalar que na moción que presentamos solicitabamos non só o Regulamento de subvencións, senón tamén a creación dun Rexistro público de subvencións e axudas. Esa moción aprobouse por unanimidade polo Pleno e por tanto estimamos que este tamén é un elemento que se debe incorporar ó Regulamento.

SR. FIGUEROA VILA: En calquera caso é unha aprobación inicial pero nós non temos ningún inconveniente en que se alguén grupo o quere estudar mellor ou facer novas achegas que as poida facer, pero nos parece que non se poden presentar dúbidas sobre se as subvencións non teñen a maior concorrencia, transparencia ou non se dan con obxectividade. Creo que neste Concello ese tema se superou hai xa moitos anos, penso que se hai un Concello onde as subvencións a todos os colectivos de calquera sector se dan coa maior transparencia e obxectividade é iste. Iso está perfectamente reflectido nos orzamentos, mesmo nalgúns sectores hai baremos preestablecidos por categorías, por criterios, etc.

Polo tanto a nós parécenos ben que se fale do Regulamento en profundidade pero non deixemos ningún tipo de sospeita porque se hai algún Concello de Galicia que estea traballando mellor este tema é o Concello de Vigo e dende hai bastantes anos.

A min gustaríame deixar clara esta cuestión porque hai temas que este Concello fixo ben ou está a facer francamente ben e polo tanto con esa matización nós estamos dispostos a que este Regulamento se retire, se estude na Comisión informativa correspondente e se lle pasen ós grupos os informes técnicos que piden.

SR. VIÉITEZ ALONSO: Primeiro, nós non necesitamos tempo para estudar o Regulamento porque agora mesmo lles podemos presentar as emendas que queiran, ise non é o tema. Neste momento non estamos debatendo sobre a transparencia ou non das subvencións, en absoluto, alomenos pola nosa banda. O único que estamos dicindo é que vostedes non fixeron ben o expediente e precisamente para tentar cumprir apuraron algo que logo na práctica non cumpren.

Se os servizos da Asesoría Xurídica lles din tres veces que é conveniente e necesario que haxa informe dos servizos afectados, vostedes fixeron caso omiso dese tema e para nós é fundamental porque ademais e dándolle oportunidades a todo o mundo respecto das subvencións, na nosa opinión non

pesa o mesmo unha axuda de carácter social que deportiva tendo todas a lexitimidade. Por poñer un caso, a nós interéсанos o que pensa o servizo de Benestar Social e en todo caso que consideración debe ter, que tramitación, etc. Preocúpanos nese sentido.

Insistimos en que en absoluto ten que ver a súa intervención co que nós manifestamos, se quere agora mesmo lle podemos presentar as emendas que temos, non as teño cuantificadas pero son máis de 35, pero ese non é o problema. Nós dicímolles que fagan ben as cousas e sobre todo que nos gustaría saber a opinión dos destinatarios porque ó mellor ata nos poden achegar algúns aspectos que a nós se nos puideron escapar, coído que ó seren os destinatarios finais o Concello ten esa responsabilidade con eles.

A PRESIDENCIA: Queda retirado

*A petición do concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Vieitez Alonso, formulada durante o curso do debate, e coa conformidade do resto dos grupos políticos, a Alcaldía-Presidencia retira o expediente da orde do día.*

9.- (124).-DAR CONTA DE SENTENZA DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA DO 06.10.05, SALA DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO, SECCIÓN SEGUNDA, RCA NÚM. 02/4355/02. DEMANDANTE TELEFÓNICA DE ESPAÑA, SAU. EXPTE. 35168/250.

ANTECEDENTES.- Dase conta da sentenza da Sección Segunda da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, interposto por Telefónica de España, que di o que segue:

“Que debemos desestimar e desestimamos o recurso contencioso-administrativo interposto por “Telefónica de España, SAU,” contra ordenanza do Concello de Vigo xeral reguladora das obras e as conseguíntes ocupacións para a imprantación dos servizos na vía pública, texto definitivo publicado no BOP o 25.01.02; sen facer imposición das custas.”

*O Pleno da Corporación queda enterado do anterior.*



10.- (125).-PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE NOVOS VIAIS OBTIDOS DO PLANEAMENTO DA FINCA DO CONDE, PEPRI III-02 E PERI III-01, SALGUEIRA, RIOBÓ E MANTELAS. EXPTES. 277 E 591/234.

ANTECEDENTES.- O Pleno do Concello, en sesión do día 29 de maio, deixou pendente este expediente, dictaminado favorablemente pola comisión informativa de Xestión Municipal en sesión do 22 de maio, a falla dun informe.

Emitido pola xefa de Estatística e conformado pola concelleira delegada en data 12 de xuño de 2006, o informe solicitado polo Pleno di o que segue:

"Para clarear, dicir que entre as propostas do Servizo de Normalización Lingüística deste Concello para nomear ós novos viais obtidos no PEPRI III-02 e PERI III-01 Salgueira-Riobó-Mantelas, está a de rúa dos Muiños.

Indicar neste sentido que xa existe neste termo municipal a estrada dos Muiños, que atravesa varias parroquias (Comesaña, Coruxo, Navía) e tamén existe o camiño dos Muiños na parroquia de Lavadores. Por este motivo quedou descartado este nome para non inducir a duplicidades no Rueiro Municipal. Polo tanto, esta xefatura ratifícase na proposta que se indica a seguir."

A continuación a xefa de Estatística, de conformidade co informe de Normalización Lingüística e vista a necesidade de dar nome ós novos viais que figuran no plano que se achega ó expediente sinalados en distintas cores, formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

(Están ausentes os Sres. Arias Moreira, Barros Puente, Comesaña Abalde, Iglesias Carrera e Ruiz Ceniceros e a Sra. Porteiro García).

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinteun membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Primeiro.- O vial de cor azul, que comeza na Rúa Conde e remata na rotonda do Arquitecto Palacios, chamarase "Rúa dos Agricultores".

Segundo.- O vial de cor verde, chamarase "Rúa do Miradoiro".

Terceiro.- O vial de cor vermella que na actualidade ten o nome de "Zona residencial Pastora" e que induce a moitas confusións, chamarase "Rúa das Moreiras".

Cuarto.- O vial de cor amarela que vai dende a Baixada ó Castaño ata o vial de cor vermella, chamarase "Rúa das Lilas".

11.- (126).-SOLICITAR A UNICEF O RECOÑECEMENTO DE VIGO COMO "CIDADE AMIGA DA INFANCIA". EXPTE. 2985/320.

ANTECEDENTES.- Con data 12 de xuño de 2006, o xefe do Servizo de Participación Cidadá, coa conformidade da concelleira delegada da área, informa do que segue:

"Coa aprobación e ratificación da Convención de Nacións Unidas sobre os Dereitos do Neno e as novas dinámicas sociais e políticas que conleva, na súa resolución 44/25, do 20 de novembro de 1989, naceu unha nova era para a infancia do noso planeta.

Esta nova etapa consolídase coa iniciativa Cidades Amigas da Infancia, en 1996, como parte da resolución aprobada na segunda Conferencia da ONU sobre Asentamentos Humanos, para transformar cidades en lugares máis habitables para todos.

UNICEF define ás Cidades Amigas da Infancia como aquelas cidades onde se garante o dereito da mocidade a:

- \* Influír sobre as decisións que se tomen no seu municipio.
- \* Expresar a súa opinión sobre o municipio que queren.
- \* Recibir servizos básicos como saúde, educación e protección.
- \* Beber auga potable e ter acceso a servizos de limpeza adecuados.
- \* Ser protexido da explotación, a violencia e o abuso.
- \* Pasear seguro polas rúas nas que vive
- \* Atoparse cos amigos e xogar.
- \* Ter espazos verdes para plantas e animais.
- \* Vivir nun medioambiente non contaminado.
- \* Participar en eventos sociais e culturais.
- \* Ser un cidadá igual aos demais, con acceso a calquera servizo, independentemente da súa orixe étnica, relixión, nivel económico, xénero ou discapacidade.

O concello, pouco despois da súa aprobación, estableceu unha serie de actuacións que garanten ós nosos mozos e mozas, a expresar a súa opinión sobre o municipio, participar activamente na súa familia e vida social, recibir os servizos básicos de saúde, protección e educación, gozar de lugares lúdicos de lecer e esparcemento, etc., todas elas a través dos distintos programas elaborados polos servizos municipais."

Polo anteriormente exposto o funcionario informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A Xunta de Goberno Local, en sesión do día 12 de xuño, prestou a súa aprobación á devandita proposta.

A comisión informativa de Asuntos Sociais en sesión do día 19 de xuño, dictaminou favorablemente.

(Están ausentes os Sres. Arias Moreira, Barros Puente, Comesaña Abalde, Iglesias Carrera e Ruiz Ceniceros e a Sra. Porteiro García).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteún membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Solicitar de UNICEF o recoñecemento de Vigo como Cidade Amiga da Infancia, dado que nos últimos anos a nosa cidade mostrou un especial intereres no formulamento de actividades adicadas á infancia, que se poñen de manifesto co proxecto e memoria que se achega, onde entre outros, este Concello:

- a) Promove a implicación activa dos nenos e nenas de Vigo, a través do Pleno Infantil, que se realiza no Salón de Plenos da Casa do Concello, facilitando así a participación infantil.
- b) Establece coa aprobación da Carta dos Dereitos da Infancia a nivel local, un marco regulamentario para a protección dos dereitos da infancia, é dicir, un marco legal amigo da infancia.
- c) Retoma a creación do Consello Asesor da Infancia coa entrada en vigor do Regulamento Orgánico de Participación Cidadá do Concello de Vigo, consello creado en 1999 por acordo plenario, polo que se establece unha comisión de dereitos da infancia que evalúe o impacto das leis, as políticas e as accións da infancia, é dicir, realice unha análise e avaliación do impacto das políticas da infancia.
- d) Establece no orzamento xeral do Concello de Vigo, para todos os programas obxecto da memoria e a través dos seus órganos xestores e partidas correspondentes, asignación orzamentaria, garantindo os compromisos adquiridos cara a ela.
- e) Avala un labor de avogacía independente para a infancia, co apoio a ONGs, a través do Fondo Galego de Cooperación, a actuación directa cos nenos saharauís, o traballo coas minorías étnicas (xitanos, inmigración, minusválidos) etc.

Segundo.- Garantir e establecer as liñas de actuación para a elaboración dun Plan Integral da Infancia, que será analizado e avaliado polo Consello Asesor da Infancia do Concello de Vigo.

*Neste intre a Corporación Municipal e máis todas persoas presentes no salón de Plenos, postos en pé, gardan un minuto de silencio polas mulleres mortas vítimas da violencia doméstica.*

12.- (127).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PG INSTANDO Ó GOBERNO DE ESPAÑA QUE O TRAMO VIGO-PONTEVEDRA-CERDEDO-CARBALLIÑO-OURENSE SEXA CONSIDERADO DE IGUAL PRIORIDADE QUE OS TRAMOS DE ALTA VELOCIDADE CON MELLOR TRATAMENTO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 9 de xuño, o voceiro do grupo municipal do PG, Sr. Soto Ferreiro, formula a seguinte moción:

"O Pleno da Corporación viguesa e o Consello Social de Vigo téñense manifestado en distintas ocasións sobre a vital importancia que tería pra Vigo, pra a súa Área Metropolitana, pra a provincia de Pontevedra e pra o sur de Galiza, o que na práctica equivale a dicir pra Galiza mesma, que a traza da Alta Velocidade en Galiza conte cunha axeitada unión da provincia de Pontevedra coa meseta.

Mais ultimamente temos sentido algunhas manifestacións políticas que nos arrepián (outra vez o antiviguismo militante). Porque pedirlle á área de Vigo a estas alturas que pra ir ou vir a Madrid nos trens de AV se faga a través de Santiago, obedecería cando menos a unha concepción absolutamente fóra da realidade social (ó parecer temos que seguir a insistir en que somos a área máis poboada, a de máis industria e unha das máis turísticas de Galiza).

Defendamos o futuro que algúns nos queren negar. É de xustiza.

Consonte co antedito propoñemos:

1.- Pedirlle ó Goberno de España que o tramo Vigo-Pontevedra-Cerdedo-Carballiño-Ourense sexa considerado con idéntica prioridade ca os tramos da Alta Velocidade que teñan o mellor tratamento en Galiza, tanto nos aspectos técnicos como no calendario de materialización.

2.- Pedirlle ó Parlamento Galego e á Xunta de Galiza que apoiem a nosa petición.

3.- Ó mesmo tempo, pedirlle á Deputación de Pontevedra o seu apoio diante desta xusta reivindicación.

4.- Que se lle dea traslado desta resolución ó Consello Social de Vigo pra o seu coñecemento e a oportuna consideración."

A comisión informativa de Medio Ambiente e Patrimonio Histórico, en sesión do 19 de xuño, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. SOTO FERREIRO: Non sei cantas veces levamos falado deste tema en Vigo, a un xa non se lle ocorre que dicir, non sei que argumentos temos que procurar para que realmente recoñezan que Vigo é a maior cidade de Galicia e créanme que xa me amola dicilo pola obviedade que significa, temos a área industrial máis concentrada de Galicia no noso contorno, somos o destino número un dentro de Galicia en preferencias turísticas... Calquera parámetro que se busque para apoiar estes estudos sobre novas infraestructuras de comunicación, Vigo sae co número se mire como se mire. Agora mesmo outra vez Vigo vese preterida, deixada atrás con respecto a moitas cidades de España e tamén a outras cidades galegas. Cal é o por qué? Porque en Vigo entramos nunha discusión na que lle melloramos o proxecto de Fomento? Porque en Vigo emendamos o proxecto de Fomento que nos quería levar a alta velocidade pola beira do Miño para o levar por Cerdedo e Carballiño? Iso é un aforro tremendo de cartos para Fomento, non só unha mellor traza ferroviaria en todos os sentidos para a eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, tema importantísimo nesta traza.

Permítanme facer unha paréntese porque veño de estar nunhas xuntanza recentemente en Portugal e hai partidos portugueses que empezan a espertar dese letargo que ten significado os acordos dos gobernos, unhas veces portugueses e outras españoles, en contra das comunicacións de Galicia e Norte de Portugal. Un traballo que se debiera facer coma acordou o Pleno da Corporación, Sra. Alcaldesa, dende o conxunto do Pleno e que o Partido Galeguista aprobou en solitario diante da súa ausencia de traballo político neste tema.

Sra. Alcaldesa, independentemente de que as culpas principais deste maltrato a Vigo están nas institucións responsables destes temas, neste caso no Ministerio de Fomento, lamento dicir que estou absolutamente convencido de que vostede aínda sen querer é cómplice por omisión da situación que estamos a sufrir, non está a dar os pasos que se deberan dar dende a Corporación viguesa para traballar na mellor defensa destes obxectivos. Vólvolle instar, Sra. Alcaldesa, que cumpra unha moción que hai aprobada sobre este tema e que traballemos conxuntamente coas institucións do Norte de Portugal, o que será a mellor pedra angular de traballo para conquistar éxito neste empeño.

Non só se trata do Ministerio de Fomento, senón que o que nos queren dar os grupos políticos que están no Parlamento Galego tennos absolutamente asustados. Se algúns deputados do Parlamento español representando a partidos políticos galegos din que non é importante, transcendental, que

non é vital que os vigueses para ir ou vir de Madrid teñamos que pasar por Santiago de Compostela, acabouse o conto; ou non viven en Galicia ou non a coñecen ou teñen pactos espurios que son contrarios ós intereses obxectivos da zona onde está asentada a maior área poboacional de Galicia que é Vigo. E aquí outra vez cunha actitude por suposto digna, nunca mendicante, pero tendo que xustificar que nos dean o mesmo trato que lle van dar á Coruña, Santiago ou Ourense. Que nos fagan a velocidade ó mesmo tempo, non queremos un minuto antes, pero nin iso.

Insisto, malia que o proxecto que no seu día aprobou a Corporación viguesa da traza por Carballiño e Cerdedo aforra importantísimos investimentos ó Ministerio de Fomento, polo tanto non teñen a desculpa de que facer ese proxecto lles custe moito máis.

Dixen unha vez publicamente ó Presidente da Xunta de Galicia, e vostede é testemuña Sra. Alcaldesa, que xa estaba ben do tema dos estudos, que parece que non saíran da escola, que os estudos neste tema teñen que estar arquisabidos, coñecidos e é un problema de vontade política poñer a Vigo no seu sitio e darlle o que lle corresponde. Facer o que están a facer dende o Parlamento Galego e dende o Ministerio de Fomento é deixar a Vigo cara atrás.

Píddlles ós demais grupos políticos que non sexan cómplices desta situación, hai veces que hai que saber dicir que non ós propios compañeiros de viaxe para defender obxectivamente os intereses dos que nos elixiron porque nos elixiron a todos para iso, para defender obxectivamente os seus intereses e por tanto temos que dicir a quen corresponda non só o que pensamos, senón premer a todos os niveis para que Vigo teña o que merece.

Se prememos e traballamos todos xuntos obteremos o resultado apetecido; senón non. Por iso repítolles que alá quen asuma corresponsabilidades se é que non se quere facer; estamos a tempo, digan o que digan. Se queren lles facemos os estudos dende Vigo.

Xa está ben de tirar cortinas de fume que non teñen apoiatura técnica de ningún tipo. Só é un problema de vontade política e naturalmente de poñer cartos detrás desa vontade por nos poñer ó pé dos demais.

Quero dicirlles que acabo de presentar unha emenda de adición por unha discusión suscitada hai días na Xunta de Voceiros con respecto á traza Redondela-Vigo. Esa traza ou entra a unha cota que faga posible que logo se poidan soterrar as vías, pasando por debaixo da autopista para que o permita, ou realmente non poderá ser así, dende logo en todo o seu trazado.

Paréceme que hai que lle dicir tamén ó Ministerio de Fomento que queremos ter o mesmo trato que lle dan a Gijón, Zaragoza, Málaga, Madrid ou a calquera cidade de España. Queremos ter un trato semellante a esas cidades, queremos que se cumpran as directivas da Unión Europea, temas non opinables que din que os tratamentos ferroviarios non deben crear novas barreiras arquitectónicas polos lugares onde se trazan, concretamente nas cidades, cousa que ocorrerá en Vigo se a alta velocidade non entra soterrada polo barrio de Teis concretamente. Tamén dicirlles con contundencia a nosa opinión neste caso.

Dinlles unha emenda que debера incluírse coma punto segundo da moción, xa que os outros afectan a resolucións que se poidan tomar. Naturalmente como tal emenda de adición tería que ser votada.

Compañeiros e compañeiras de Corporación, ás veces dame a impresión de que nin os mesmos vigueses somos quen de coñecer a nosa potencia; esa potencia que todos din que sempre tira para adiante. Pois esa potencia aplicada detrás dunha resolución política sería absolutamente imparable e eu seino. Lamento ter que dicir outra vez que xa se fixo cando eu era Alcalde para conseguir que houbera unha autovía directa Vigo-Madrid porque querían a mesma historia os demais partidos políticos, levármonos por Santiago de Compostela, incluído o que eu pertencía e que me honro en ter pertencido no pasado.

O traballo dende a Alcaldía de Vigo e dende a Corporación viguesa deulle a volta á situación. Podemos facer o mesmo, só falla que sexan conscientes da súa potencia, da potencia que Vigo significa detrás de todos nós e que asumamos ese liderazgo de acadar o que Vigo merece e precisa.

SR. VIÉITEZ ALONSO: Esta é unha das mocións que ó noso entender deben servir para clarificar e non para agochar realidades. O que non pode ser é que nos apuntemos a unha moda que nos permita ver o fondo da cuestión.

En canto ós aspectos resolutivos non temos ningún problema senón todo o contrario, pero a introducción e a explicación da emenda non axuda en absoluto a clarificar a situación da alta velocidade e sobre todo a súa chegada a Vigo.

Pensamos que debemos clarificar a situación porque todos nos podemos apuntar ó carro da moda pero non clarificamos e parécenos tremendamente necesario facelo e efectivamente hai que dirimir responsabilidades. Nese sentido para quen se alporiza sobre algo que se ten manipulado, en absoluto nos estraña que o fagan.

O BNG ven demandando dende hai tempo unha clarificación sobre a política ferroviaria en Galicia no seu conxunto, sobre o tema da alta velocidade máis en particular e sobre todo qué pasa coa alta velocidade en Vigo. Dicímolo porque o que non se pode facer é que como consecuencia dun cambio de goberno, a nivel estatal en dous anos e a nivel galego nun ano, agora resulta que somos auténticos responsables desta desfeita. Cando falamos de infraestructuras que teñen un alto impacto no territorio, as decisións que se tomen hainas que meditar e sopesar porque logo non ha posibilidade de ir cara atrás porque iso xera políticas e feitos.

Nese aspecto téñolles que lembrar que esta situación que temos agora non é nova, foi produto de decisións políticas que se foron sumando no tempo. Precisamente estamos agora pola presión do conxunto da cidadanía e tamén por determinadas institucións a instancias de determinados partidos políticos, senón efectivamente estaríamos noutras circunstancias. Fagamos só un exíguo repaso da historia para saber por qué estamos aquí e onde están as responsabilidades.

O 19 de decembro de 1995, algo así como hai máis de once anos, o Parlamento Galego aproba por maioría un dictame sobre a proposta alternativa dun plan director de infraestructuras ferroviarias para Galicia que entroutras cousas tentaba corrixir o plan director de infraestructuras elaborado daquela polo que hoxe é Ministerio de Fomento pero que deixaba dun xeito bastante marxinado ó ferrocarril en xeral e sobre todo á alta velocidade en Galicia.

Nese sentido xa contemplaba unha serie de actuacións que foi o que a posterior nos trouxo ata esta situación. Fala de redución sensible dos tempos de viaxe, aumento da seguridade, de integración do ferrocarril na trama urbana das cidades, pero tamén fala de "construcción de dobre vía con novo trazado en determinados traxectos" e cita A Coruña-Santiago, Santiago-Vigo, Santiago-Ourense-Monforte límite de Galicia, Ourense-Monforte e Ourense-límite de Galicia. Vigo non aparece.

Fala da necesidade de modernizar o ferrocarril a nivel interno, de que as velocidades deben situarse entre 100 e 150 Km/h nas comunicacións do interior e velocidades entre 200 e 220 Km/h nas liñas que conecten Galicia co exterior. Pero en absoluto aparece Vigo.

É máis, se nos imos ás políticas europeas que son como consecuencia das decisións dos estados integrantes, vemos que o corredor Ourense-Vigo non aparece por ningures. Nomeadamente na cume de Essen onde se elaboran os proxectos prioritario de infraestructuras para a Unión Europea, Galicia no



seu conxunto, xa non falo de Vigo, non aparece por ningún lado, nin tan sequera a conexión de alta velocidade ata a fronteira con Galicia. O único corredor que aparece é Lisboa-Madrid e conexión con Francia. Isa é unha decisión dos estados membros.

Con isto quero dicir que xa daquela había unha clara intencionalidade de contemplar a Galicia non se sabe cando na alta velocidade pero dende logo non aparece nas primeiras resolucións e nomeadamente na cume de Essen.

Se nos remitimos ó libro branco do transporte da Unión Europea que se fai posteriormente é exactamente igual, non aparece por ningún lado.

Isto é produto da presión das institucións propias, da galega neste caso e da viguesa, conforme pasa o tempo e se toman determinadas decisións que van encamiñando a que en primeiro lugar Galicia non debe quedar fóra do trazado da alta velocidade e en segundo lugar que contemple a conexión de Vigo na alta velocidade, ademais doutros lugares.

Por certo antes antes do dictame do Parlamento Galego, concretamente o 12 de febreiro de 1993, hai unha manifestación en Pontevedra en defensa dos servizos ferroviarios, así como outras accións que se realizaron para demandar que o noso país non quedara atrasado no tema do ferrocarril. O propio conselleiro da COTOPV daquela manifesta que o Estado ten unha débeda histórica cos investimentos, infraestructuras e xestión do ferrocarril galego, anuncia que se ían reclamar do Goberno Central 145.000 millóns de pesetas, que en doce anos se frearía o deterioro do ferrocarril galego e se modernizaría.

Poderíamos alongármonos no tempo para ver cales son as decisións que tomaron as distintas institucións pero imos aproximármonos un pouco máis para que vexan como se tomaron, iso si, con moita propaganda, moita fotografía, moito anuncio pagado pero que estaban fóra do contexto da realidade das necesidades deste país e aínda por riba non había clara intencionalidade de ningún tipo.

O 24 de xaneiro de 2001 gobernaba na Xunta de Galicia determinado partido político e tense un encontro que se chama "Viaria Galicia 2001-2010" onde se definen as infraestructuras de Galicia para o século XXI. Poderíamos ler moitísimos parágrafos destes acordos, pero lles vou ler só un para que se vexa realmente a intencionalidade que houbo e que aínda seguen a manter algúns sobre o ferrocarril.

Concretamente é unha intervención que fai o Conselleiro da COTOPV que di o seguinte: "Dende a capital ourensá un ramal central interior de alta velocidade dirixírase cara Santiago e A Coruña e acometeranse conexións

rápidas cara Pontevedra e Vigo e cara Lugo." Estanse definindo as infraestructuras do ferrocarril, neste caso concreto do século XXI e hai unha clara intencionalidade por parte de quen nos goberna de facer unha diferenciación clara a respecto da alta velocidade e do tratamento que deben ter as grandes cidades de Galicia.

Producto precisamente da presión e a iniciativa do Partido Popular, o 20 de maio de 2005 xa se determinan prazos. Por certo que esta proposta do Partido Popular que se aproba por maioría, que non por unanimidade, contempla determinados prazos e entroutras cousas fala de Vigo-Ourense por Cerdedo para o ano 2009 coma mínimo. Na propia comisión de Fomento e Vivenda do Congreso Español e en materia ferroviaria en concreto, voltan incidir nos mesmos termos e falan no caso concreto de Ourense-Vigo que debera ser coma mínimo para o ano 2009.

Con isto queremos dicir que todas esas decisións que se foron tomando ó longo do tempo foron encamiñadas a orientar o tratamento do ferrocarril no noso país de dous xeitos distintos. Por unha banda priorizar un eixo en alta velocidade e polo outro tratar o ferrocarril con velocidade alta, polo tanto con velocidades máis baixas e nese caso atopábase precisamente a conexión de Vigo.

Nese aspecto xa está ben de tanta declaración e o que se trataba por un lado era concretar con partidas orzamentarias que permitiran realizar dunha vez por todas a alta velocidade no conxunto deste país.

Isto é o que se fixo, non hai nada máis. Outra cousa é o que se queira manipular a respecto dese acordo. É agora cando a Xunta de Galicia toma as decisións que se tiñan que ter tomado dende hai moitísimo tempo.

En primeiro lugar hai un acordo entre o partido Socialista e o BNG para que se destine o 8% do investimento estatal a Galicia e dentro dese 8% que as infraestructuras teñan un papel destacado e preponderante para corraxir as deficiencias antes descritas. Ese acordo que inicialmente se plasma no Congreso dos Deputados para o ano 2007, ten vocación de continuidade como mínimo ata dentro de dez anos.

Fálase da conexión de Ourense-Vigo pero a preguntas dun senador o 13 de febreiro de 2003 sobre qué pasaba coa conexión Ourense-Vigo, respóstaselle que "O estudo de viabilidade técnica, económica e medioambiental da conexión hispano-lusa en alta velocidade Vigo-Porto, demanda actual e prognose, adxudicouse o 13 de febreiro de 2003 á UTE que conforman as empresas Xener e Ferroconsultig por un importe de 540.000 euros. Actualmente está en fase de redacción e o principal obxectivo do estudo,

que ten un prazo de redacción de catorce meses, é a análise detallada dos fluxos actuais de pasaxeiros e mercadorías ó longo do corredor Vigo-Porto e as previsións dos mesmos. A respecto da conexión Ourense-Vigo estase na mesma fase".

O que queremos dicir é que precisamente no ano 2003 aínda non estaba nin tan sequera feito o estudo de viabilidade técnica, económica e medioambiental da conexión.

Con isto é imposible que nestes momentos poidamos demandar eses prazos concretos pola sinxela razón de que no está feito o proxecto constructivo e do que se trata é de que a institución a quen lle corresponda, neste caso a Xunta de Galicia, inste ó Goberno español. Ese é o compromiso que se adquire no ano 2007 para que se contemple nos orzamentos o proxecto constructivo e se poida cumprir o prazo para o ano 2009, que sinceramente pensamos que hai certa dificultade para o cumprir, pero é produto desa decisión que no seu momento se tomou que era postergar a conexión de alta velocidade Vigo-Ourense.

Ese é o acordo e nós non temos ningún problema en votar esta resolución pero clarificando a situación como non podía ser doutro xeito.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: A intervención anterior evítame facer historia e tampouco coido que sexa excesivamente necesario que se vexa a situación na que estabamos hai ben pouco tempo respecto ó tema que estamos a tratar e a situación na que estamos agora.

Amósase suficientemente claro o compromiso que ten o Goberno de España con Galicia e máis neste tema concreto das infraestructuras e non só polo 8% ó que fai referencia o intervinte anterior, dedicación do 8% de investimento para Galicia moi por riba dos parámetros que lle corresponderían por calquera concepto, senón tamén polo compromiso existente entre as dúas forzas que están gobernando na Xunta de Galicia para que isto non só sexa este ano, senón que poida ser no futuro conforme estamos a falar no debate importantísimo que temos por diante do Estatuto de Autonomía.

Precisamente é importante salientar aquí que os pronunciamentos que o Sr. Solbes, Vicepresidente do Goberno, fixo recentemente nesta cidade veñen confirmar o compromiso xa para os orzamentos do ano 2007, como non podía por menos, era obvio que o Vicepresidente económico non é quen de falar, será o Congreso dos Deputados, será o Parlamento Galego, serán todas as forzas parlamentarias as que decidan o tema cara ó futuro coma parte desa reivindicación histórica que ten Galicia.

De xeito máis xeral o que é obvio é que de todos os posibles tramos que ten o acceso do AVE a Galicia e por suposto as grandes liñas desta infraestrutura ferroviaria parten dunha situación moi diferente unhas das outras. Non hai moito que aquí en Vigo estabamos todas as forzas políticas, sociais e económicas reclamando con insistencia que realmente esta vía Vigo-Cerdedo-Ourense, ou Ourense-Cerdedo-Vigo fora recollida con todas as garantías coma un tren de alta velocidade e só para pasaxeiros.

Lembremos que esta era unha reivindicación de todas as forzas que felizmente está absolutamente resolta o PEIT, Plan Estratéxico de Infraestructuras e Transportes, deixa perfectamente claro que esta liña é absolutamente vital para a mellor conexión de Vigo con Madrid no tempo que faga que isto sexa absolutamente viable dende o punto de vista económico, fálase das 2 horas e 74 minutos que é un compromiso absolutamente confirmado, porque en ocasións semella que isto está no ar e é algo absolutamente confirmado polo Congreso dos Deputados, Goberno, etc., de xeito que o que non se pode evitar é que obviamente, polo relato histórico que fixo o Sr. Viéitez, coido que é claro que a liña que partía con máis dificultades para pular no menor tempo posible era precisamente esta e non precisamente polo Goberno do Partido Socialista ou polo actual Congreso dos Deputados á hora de tomar resolucións importantes.

Esta é a cuestión fundamental: que partimos en desvantaxe desta liña que obviamente a todos os vigueses nos preocupa que se faga no menor tempo posible e o Partido Socialista e absolutamente todos na cidade imos seguir traballando para que isto se faga. É un compromiso absolutamente asegurado pero que require de todos os xeitos os maiores esforzos coma coido que están a facer as forzas que gobernan Galicia, a Xunta de Galicia, o seu Presidente e a Conselleira de Ordenación Territorial cun seguimento o máis exhaustivo posible para procurar que estes prazos se acurten o máximo posible.

Repito que iso está absolutamente asegurado e o que temos que facer todas as forzas políticas e sociais, empezando por este Pleno da Corporación, é conseguir que sexa do xeito máis rápido, por iso obviamente no sentido resolutivo que ten a moción presentada polo Partido Galeguista ímola apoiar, non temos ningún problema a ese respecto porque o noso deber é procurar que isto se faga no menor tempo posible.

Agora ben, eu querría incidir aquí nun tema que tamén me parece moi importante e que saco a colación porque nun dos últimos Consellos Sociais, coma lembrará o Sr. Soto, coido que no penúltimo, tomamos unha serie de

resolucións que en boa medida están en marcha. Houbo unha que se refería á liña Vigo-Ourense por Cerdedo, un terceiro punto que se refería ó acceso a Vigo do AVE para asegurar que fora unha estación pasante, poder asegurar, por suposto, a saída sur e a conexión con Portugal que era o punto terceiro casualmente, pero coido que nos estamos esquecendo dun punto segundo que tamén tomamos como resolución nese Consello social. No punto nº 2, comprendido entre os dous dos que estamos a falar aquí, dicíase exactamente (o anterior trataba de que se reclamasen a Fomento todos estes puntos): "Que se realice o acceso ferroviario á terminal portuaria de Bouzas para conectar a zona de expansión do Porto de Vigo coa rede ferroviaria galega". Coido que non estaría de máis e nese sentido propoño ó relator da moción que se engada precisamente este punto para non deixar atrás un acordo do Consello social que comprendía todo o referido ó AVE no contorno da nosa cidade. Coido que sería importante incluír este punto na moción, e nese sentido propoñemos este engadido, porque é obvio que esta infraestrutura absolutamente crucial para o Porto de Vigo vai contar cun apoio excepcional de Portos do Estado que ademais vai procurar que teña ese financiamento. Penso que nese sentido, como non coñecemos ningunha xestión por parte da Alcaldesa respecto a este segundo punto no que o Consello Social, é dicir, todas as forzas políticas e sociais da cidade, fixemos expresamente á Presidenta do Consello social para que o xestionara, é polo que propoñemos que se engada ese segundo punto que coido que podería estar precisamente coma segundo punto e todos os demais estarían por suposto referendando os acordos da Xunta, o apoio á Deputación, etc., de xeito que así poderíamos conseguir que se pulara tamén por este aspecto absolutamente crucial. Insistir en que o Grupo municipal socialista, todo o Partido Socialista, estou convencido de que ademais, dada a grande xestión que se está a facer neste sentido cos dous grupos que hoxe estamos a intervir respecto deste punto, imos poder traer o máximo de boas novas para que esta infraestrutura vaia cara adiante o máis axiña posible.

SR. FIGUEROA VILA: Logo destas intervencións penso que hai que facer algún clarexamento con respecto ós antecedentes.

O Goberno do Partido Socialista en Madrid durante os anos que gobernou, ata o 97 xamais se lembrou do AVE para Galicia, iso está perfectamente claro e supoño que todos coincidirán nesa postura. Preocupáronse de Andalucía, de Cataluña, de León, Valladolid, pero xamais de Galicia. Tivo que ser un

Goberno do Partido Popular en Madrid quen incluíse dentro das redes de alta velocidade a Galicia. Esta é unha primeira cuestión importante.

Polo tanto a min parécenme moi ben todos os antecedentes pero estamos falando do AVE en Galicia dende o ano 98-99 cando hai un Goberno do Partido Popular en Madrid presidido polo Sr. Aznar que inclúe dentro da rede da alta velocidade a Galicia. A partir daí empézase facer o deseño, os proxectos constructivos, hai un debate interno importante en Galicia onde se fala da "L", da "Y", etc., iso non o imos repetir.

Tamén é certo que cos apoios de todas as forzas sociais dende este Concello se foi modificando ese trazado que dende un principio todos previamos que podía ser Ourense-Santiago e logo o eixo atlántico O Ferrol-A Coruña-Santiago-Vigo coa conexión con Portugal.

A través de varios acordos do Consello Económico e Social da cidade de Vigo ó final (coido que foi no ano 2001-2002) unha petición unánime deste Consello fixo que dende o Goberno central se fixera unha modificación importante para a cidade de Vigo co trazado Vigo-Pontevedra-Cerdedo-Ourense. Ata aí estamos todos de acordo, é dicir, o Goberno central recolleu esa petición da cidade de Vigo e incluína dentro do seu proxecto definitivo para o AVE de Galicia e en concreto da cidade de Vigo.

Nace un Plan Galicia no que non creron algúns partidos de Galicia, Plan que estaba en marcha, con consignacións orzamentarias, coido que é clara a adjudicación dos tramos Ourense-Santiago e tamén Santiago-A Coruña e os proxectos que estaban en marcha dende Ourense-Cerdedo-Pontevedra-Vigo. A partir daí, dende hai 2 anos e 3 meses o trazado Ourense-Pontevedra-Vigo paralizouse, mesmo algúns dos tramos adjudicados no territorio galego tamén se paralizaron.

Polo tanto supoño que algunha responsabilidade terá o Goberno central de que todos estes proxectos que estaban en marcha non se levaran a cabo.

Falo agora respecto dos temas de Vigo. Eu sei que este é un tema moi complexo e que dende a cidade de Vigo se fixo un bo traballo por parte de todas as forzas sociais, económicas e políticas pero o único acordo que hai asinado con respecto á entrada do AVE na cidade de Vigo e á estación pasante da nosa cidade asinouose o 3 de marzo do ano 2006; miren que curioso que se asinou polo Secretario de Estado de Infraestructuras e Planificación, don Víctor Morlán, pola Conselleira de Política Territorial, dona M<sup>a</sup> Xosé Caride Estévez, e pola Alcaldesa de Vigo, dona Corina Porro. Este foi o único acordo, non hai ningún outro acordo neste Concello durante

todos eses anos de historia que vostedes queiran facer, asinado por ningún alcalde, ningún concelleiro con respecto ó AVE.

Coido que na cidade de Vigo a Sra. Alcaldesa si fixo os deberes porque non hai nin peticións de ningún alcalde anterior, nin nos Plenos, nin nas Xuntas de Goberno; non hai acordos con respecto ó AVE, ten que ser unha alcaldesa do Partido Popular a primeira que asina un acordo de protocolo co Ministerio de Fomento para a entrada do AVE na cidade de Vigo. Esa é unha realidade, un dato obxectivo, non é unha opinión, non é un ha manifestación.

Tamén quero dicir, porque senón non sería xusto e porque me gusta afondar neste tema e facer manifestacións axeitadas, que tamén é certo que se asinou o acordo debido a traballos dalgún goberno anterior, dalgúns membros desta Corporación que foron facendo un traballo coido que rigoroso, seguramente con avances moi curtos no tempo pero que o fixeron. Teño que dicir aquí claramente que o único alcalde que fixo algo nestas cuestións ou que avanzou algo foi o Sr. Pérez Castrillo. Pero o único acordo ratificado foi o asinado pola Alcaldesa de Vigo, dona Corina Porro; se alguén ten outro dato con respecto á entrada do AVE que mo diga e contrarreste esta información.

Sr. Calviño, coido que dentro do Partido Socialista teñen pouca comunicación ou máis ben ningunha. Vostede fálame aquí das bondades do ferrocarril, da conexión con Bouzas. Seguramente todos estamos de acordo con que é necesario pero non poden dicir cousas que non son certas. Di vostede que o Ministerio de Fomento, Portos do Estado, vai apoiar dun xeito excepcional este trazado e eu pregúntolle, por qué no informe sectorial que fai a Dirección Xeral de Ferrocarrís con respecto ó Plan Xeral non fai nin unha soa mención do trazado do tramo de Bouzas? Esta é a pregunta que eu lle fago. Nos acaban de remitir da Dirección Xeral de Ferrocarrís un informe con respecto ó Plan Xeral e isto nin se menciona, ónde está esa coordinación? Eu fágome esa pregunta porque se a Dirección Xeral de Ferrocarrís ten previsto a construción, o potenciamento e desenvolvemento dese trazado, supoño que o tería que contemplar dentro do seu informe.

Iso quere dicir que ese proxecto nin se coñece, nin está, é unha idea que se soltou pero que no Ministerio de Fomento nin está contemplado porque senón supoño que os técnicos que están estudando a entrada no AVE na cidade de Vigo o contemplarían neste acordo.

Repito de novo que nós estamos de acordo en que ese trazado se leve a cabo, pero estaremos de acordo cando teñamos un proxecto, unha idea, unha

manifestación clara, oficial por parte do do departamento correspondente do Ministerio de Fomento, de Portos do Estado ou da Dirección Xeral de Ferrocarrís que nos diga que están dispostos a facer ese estudo, a financiarlo e a levalo a cabo. Como comprenderá, o Concello de Vigo non ten nin capacidade técnica, nin económica para poder levar a cabo ese proxecto. Dixemos publicamente e volvemos repetir que nos digan dende o Ministerio de Fomento dun xeito oficial e por escrito que están dispostos a estudar, financiar e levar a cabo ese proxecto e nós seremos os primeiros que tentaremos unha modificación do Plan Xeral para o incluír. Pero como comprenderá vostede, dende a cidade de Vigo non se pode debuxar un proxecto que nin o propio Ministerio coñece. Coido que teñen que coincidir connosco nesta cuestión.

Nós imos seguir traballando nos temas relacionados co AVE. Sabemos que esta é unha tarefa de todos os grupos políticos e sobre todo do Pleno desta Corporación.

O Sr. Soto fai algunhas manifestacións puramente técnicas na emenda que nos acaba de presentar que tanto os técnicos do Ministerio de Fomento, como os do propio Concello e os redactores do Plan Xeral ven inviabilidade técnica e económica para levar a cabo na súa totalidade o que propón. Coido que na última reunión se explicaron claramente os motivos polos que non se pode soterrar totalmente a entrada do AVE en Vigo, si nunha parte importante pero había cuestións puramente técnicas que sinalaban que era máis cuantioso económica e socialmente que levar a cabo isto que se propón.

Nós estamos de acordo co fondo, co espírito da moción de seguir traballando todos xuntos para que o AVE Vigo-Pontevedra-Cerdedo-Ourense se remate o máis axiña posible, a adxudicación dos tramos en marcha e tamén o soterramento das vías e a entrada en Vigo do AVE e por suposto que Vigo sexa unha estación pasante, mesmo a incorporación dese tramo do que vostedes falan do ferrocarril a Bouzas, que tamén estamos dispostos a apoiar pero loxicamente cando teñamos un proxecto, unha idea enriba da mesa que sexa clara e concreta, unha manifestación clara e oficial por parte do Ministerio de Fomento en calquera das súas versións, Dirección Xeral de Ferrocarrís ou Portos do Estado. Evidentemente que cando teñamos iso enriba da mesa, así se dixo en varias reunións do Plan Xeral, xa se lle comunicou ó equipo redactor, e iste tamén o manifestou, estamos dispostos a estudalo. Gustaríanos rematar con dúas cuestións. Aquí sempre se fala de que nesta cidade non se traballa, que non se fan os deberes; pois neste tema do AVE, con respecto á súa entrada en Vigo repito de novo que é a primeira vez que



hai un acordo entre a Secretaría do Estado de Infraestructuras e Planificación do Ministerio de Fomento, a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transporte da Xunta de Galicia e o Concello de Vigo, acordo sobre o que levan traballando os técnicos dende o 3 de marzo para que nas próximas datas, esperemos que en torno ó verán, poidamos asinar o convenio con todo o trazado definitivo para que a partir daí se poidan facer os estudos ambientais, os proxectos constructivos e se poida levar a cabo esta comunicación tan importante para a nosa cidade.

A segunda cuestión é que non nos esquezamos que o Goberno do Estado que marcou, que definiu o AVE para Galicia foi un Goberno do Partido Popular; o Partido Socialista esqueceuse durante moitísimos anos, seguramente estivo máis preocupado de Andalucía e agora paréceme que o problema grave de fondo non é un problema de vontade, é un problema que coido que o Goberno central segue máis preocupado de Andalucía e de Cataluña que de Galicia. Aquí a única cuestión non é técnica porque os temas técnicos están totalmente definidos e concretados, o único que hai é un problema de financiamento, de consignación orzamentaria e se, como di o Sr. Calviño, o próximo ano eses orzamentos do Estado demostran esa vontade política clara, coas correspondentes consignacións orzamentarias para as partidas necesarias que demanda o AVE, non se preocupe que dende estas filas os felicitaremos, agradecerémollos e apoiarémolo dunha maneira definitiva. Pero mentres esa consignación orzamentaria non se vexa reflectida nos Orzamentos do Estado supoño que teremos que seguir reivindicando e demandando dende esta cidade, dende este Pleno, dende o Consello Social e dende onde sexa necesario a construción do AVE Vigo-Pontevedra-Cerdedo-Ourense.

SR. SOTO FERREIRO: O problema para o Partido Galeguista non é de culpas. Se vostedes queren falar da historia falamos, non o fixemos na nosa moción porque pretendiamos que por riba dos intereses dos partidos a outros niveis fosemos quen en Vigo de obter resultados conxuntos para defender os seus intereses. Vostedes son os que entran falar do que se fixo aquí ou acolá, de se fixo o "L" ou non, pero quen propuxo politicamente o "L" por primeira vez? A algúns fraquéalle a memoria dun xeito absolutamente lamentable. Xa non lembran a sucesión de tempos diferentes que dende a Xunta de Galicia do PP e pasamos das altas prestacións á alta velocidade en Galicia pola presión política. Foi a presión política quen acadou a alta velocidade para Galicia porque non a había. Rexeito coma falsas as anteriores manifestacións porque aí están as hemerotecas para todos. O Goberno de

Aznar non lle daba a alta velocidade a Galicia, dáballe un tren de altas prestacións.

Pero non só é iso. Evidentemente Galicia vai chorar toda a súa vida por non facer o proxecto en "L" coma demandou o Partido Galeguista no seu momento, como fixeron os cataláns indo recoller Tarragona, dando unha volta antes de que o tren chegara a Barcelona, con menos razón de peso demográfico e de todo tipo do que podería ter Vigo con respecto a Galicia. Un só proxecto sería un grande ben para Galicia e vostedes non o votaron no seu día. Por qué non o apoiaron? Por qué non loitaron nos seus partidos para que iso fose adiante?

Logo chegamos á formula alternativa, a fórmula do "Y" e nela nós propuxemos a alternativa de Cerdedo e non a que facían vostedes dende os gobernos de Galicia e de España polo Miño.

E chegamos á situación de hoxe en día.

Sr. Calviño, cunha énfase extraordinaria vostede dá por feito, por recollido e aprobado algo que a min non me merece ningunha confianza. Para que me empezara a merecer confianza o tema de Cerdedo querería saber tres cousas do Ministerio de Fomento do Goberno de España: primeiro, qué características técnicas vai ter ese trazado. Segundo, en función naturalmente desas características e doutras cousas, con qué prazo se vai realizar o proxecto. Terceiro, en qué BOE están os cartos para realizaren ese proxecto. Mentres iso non se dea nun acordo de Ministros e se publique no BOE a vostede mereceralle o crédito que sexa pero a min só unha absoluta desconfianza.

Seríame moi fácil demagoxicamente agarrarme á data do 2009 pero non o quero facer. Dígame vostede en qué data se vai facer Cerdedo-O Carballiño-Ourense, cal é o obxectivo do Goberno para ese trazado? Pregunto de novo sobre características técnicas, prazos e cartos para un anteprojecto. Non hai ren, só hai pintar iso nun PEIV e qué garante iso? Que se vai facer dentro de 100, 70, ou 22 anos? Poderá dicir que é mellor que estea nun PEIV que que non estivese e eu honestamente tamén me acollo a iso, pero iso non garante nada. Polo tanto que se garantan cousas témolo que acadar nós.

Vostede di "engadir a chegada a Bouzas". Non hai ningún problema, fomos nós os que puxemos enriba da mesa politicamente o tema por primeira vez e polo tanto nada que dicir en contra, pero repare sinxelamente en que había unha moción que ía polo tema Cerdedo-O Carballiño. Non quixen entrar nos temas partidistas de conversas e intervencións políticas no Congreso dos Deputados, pero os vigueses deberamos estaren dispostos a saltar cada vez

que alguén en calquera foro importante político diga ou faga algo que poida prexudicar os intereses de Vigo, para corrixir, para axudar, para emendar e para premer.

Por iso non tiña tampouco o tema de que o ferrocarril entrase soterrado e iso propoño como emenda porque hai unha discusión dun día para outro de que lle teñen que mandar a Fomento xa o tema que levan estudando non sei canto tempo e a nós dinnos con tres días que lle van mandar un acordo sobre a traza da alta velocidade para admitir neste caso as cotas que propoñen entre Redondela e Vigo.

Non vendamos a Vigo por un prato de lentellas, non asinemos acordos que realmente poidan seren prexudiciais para Vigo porque os acordos de alta velocidade en Galicia que eran altas prestacións e que ian por Lalín e non por Vigo, malditos acordos.

O BNG e ó PSOE falan do 8% coma se fose unha panacea. Eu recoñezo que é unha cifra positiva pero lle devolvo os argumentos e se vai recoller unha cifra positiva para o 2007, Sr. Viéitez dígolle o mesmo que ó Sr. Calviño, a min non me garante nada porque non está en ningún BOE, nin hai ningún acordo formal de ningún tipo, polo tanto sobre os comentarios xa veremos, de momento hai o que hai que é un 8% para o 2007 cousa que eu creo e acepto, e se é tan boa cifra por qué non inclúen o de Cerdedo-O Carballiño? Pero nin coa mellor que vostedes din temos que seren incluídos nos plans de Fomento e os demais temos que calar? Xamais, de ningún modo.

Insisto por se non quedou claro, Sr. Calviño, nós introducíamos un só tema en función do que lle dixen, logo fixemos unha engádega e por suposto aceptamos a súa porque é válida e é boa. Non é certo na miña opinión que non se incluíse no Plan Xeral porque non sabían o que quería Fomento porque no seu día xa lle propuxen que o incluíran coma liña de metro, tiñamos técnicos perfectamente capacitados para nos asesorar e nos dicir cal tiña que ser a traza e que se tiña que seren corrixida puntualmente por Fomento que o fose no seu día, pero esa presión de dicirlle a Fomento que no Plan Xeral hai unha traza de metro que é polivalente, que pode ser utilizada polo ferrocarril, houbera sido unha peza magnífica para a defensa dos intereses ferroviarios de Vigo.

Vostedes non quixeron para non tocar algunhas urbanizacións, esa é a miña opinión e dígoo así de claro. Subordinaron vostedes intereses que me parecen lexítimos -non o vou discutir- a intereses hiperprioritarios coma podería ser a traza da alta velocidade. Eu si os acuso diso ou alomenos é a miña opinión.

Por último dicirlles que se do acordo asinado pola Sra. Alcaldesa coa Sra. Conselleira de Ordenación do Territorio e co Sr. Morlán se pode desprender que a alta velocidade non ten que entrar soterrada en Vigo, maldito acordo, é un mal acordo para Vigo.

Volvo dicir claro e alto que estamos dispostos a loitar por todos os medios legais posibles, manifestacións de todo tipo incluídas, para impedir que a alta velocidade entre en altura en certas zonas de Teis. Que quede claro o aviso de que non imos seren cómplices nin por activa, nin por pasiva de que a Vigo se lle faga unha fenda que poderá seren terrible polo irreparable na historia. Dígolles con absoluta serenidade que preferiría que se atrasase máis a alta velocidade pero que entrase ben e non mal. Non vale calquera acordo, a calquera prezo, en calquera tempo; vale un bo acordo, no mellor tempo posible.

Anecdoticamente, Sr. Figueroa, é rigorosamente falso e na miña opinión vostede está trabucado, penso que non entendeu ben porque non pode ser doutro xeito que diga que hai informes técnicos que impiden que a alta velocidade entre soterrada en Vigo, ónde están? Non hai eses informes. Hai informes que din que se pode facer por un ou por outro lado para pactar unha cousa dun ou doutro xeito, é máis, díxenlle que na próxima reunión lle ía dar datos técnicos de por qué si pode entrar soterrada e cando a convoquen os terán enriba da mesa. O outro día sorprendeunos cun tema nunha reunión que en principio non previamos e non levabamos os datos técnicos pero llos imos levar na seguinte reunión.

Con respecto ó pasado sinxelamente unha pincelada: a min máis ca o pasado de todos e todas preocúpame o presente e o futuro, pero en todo caso iso non significa de ningún modo que non queramos falar del.

As armas arroxadizas en infraestructuras, alá vostedes. Eu non puxen un exemplo para dicir o que se fixo ou non; púxenllo de cómo se pode acadar un cambio transcendental para Vigo dende un traballo institucional da Alcaldía e da Corporación viguesa co tema da autovía Vigo-Madrid cando daquela estaba o PP porque o Alcalde de Vigo estaba só, o seu partido non o apoiaba. Pero hai algo máis grave no pasado en infraestructuras: son vostedes culpables de que non haxa unha unión entre o primeiro cinto e Alcalde Portanet cos seus votos nesta Corporación porque o Alcalde de Vigo tiña o acordo formal con Fomento, había anteproxectos que foron públicos e coñecidos pero non tiveron votos suficientes nesta Corporación para o levar adiante. Vostedes votaron en contra.

De verdade que é isto o que nos interesa a todos? Na miña opinión, non. Eu estou disposto a falarlles do pasado, do que queiran e cando queiran pero non nos interesa iso a ningún de nós coma vigueses; interésanos o presente e o futuro e iste, señoras e señores, é defender honestamente os intereses desta cidade e non dar por feito o que o non está porque non hai nada feito, só hai unha promesiña que se chama PEIV, nin sequera é unha promesa, hai pintado un plano de infraestructuras que ten 100.000 millóns de millóns de dólares para toda España e, dentro de cantos anos se pode facer o PEIV, Sr. Calviño? Cincuenta, corenta? Non menos na miña modesta opinión porque aí hai obras para dar e regalar, pero dentro deses prazos absolutamente imposibles de concretar a vostede válelle que estea aí? Non, iso pódelle valer a calquera, a vostede, a min, a quen sexa coma desculpa política para dicir que hai algo que é mellor ca nada, pero para reclamar algo concreto en tempo e forma esa moción di algo moi concreto, di que queremos as mesmas características técnicas e os mesmos prazos que os demais teñan en Galicia e se non é no 2009 non será o Partido Galeguista quen sexa agresivo co Goberno de España pero que nolo dean con rigor, que digan se no 2010, no 2011, dá igual, non vou dar eu a data pero o que quero dicir é que non estamos dispostos a facer unha guerra con iso porque ten razón en que os males veñen de atrás, pero tamén lle digo claro que estamos a tempo para os corrixir.

Tan falso era o que dicía o Goberno do Sr. Aznar coma na miña opinión está sendo o que di o Goberno de España do Partido Socialista. Non se atreven realmente a poñerlle datas reais e seguimos nesta maraña de datas que son falsas e por iso e como o sei digo que estou disposto a discutir sobre as datas reais pero con algo concreto e iso é o que pide esta moción.

Digo de novo que na miña opinión temos moito que facer, moitísimo, seremos decisivos dende o Concello vigués, acubillados en acordos dende o Consello Social e polo tanto dende todas as institucións vigueses realmente movémonos en tempo e forma.

Non lles vou meter a engádegas de que se fagan conversas cos concellos do norte de Portugal porque iso está aprobado polo Pleno da Corporación, pero lle volvo lembrar á Sra. Alcaldesa que está cometendo un pecado grave neste tema por levar adiante esa forma de traballar en política con respecto á alta velocidade.

Ogallá realmente nos deixemos de lerias entre uns e outros e nos poñamos a pensar no presente e o futuro.

Insisto en que o que pide o Partido Galeguista é que Vigo sexa tratado exactamente igual ca Coruña, Santiago ou Ourense; non máis pero non menos.

SR. VIÉITEZ ALONSO: Precisamente estar cansos de tanto anuncio foi o que nos impulsou a chegar a un acordo no Congreso dos Deputados e tamén na Xunta de Galicia ou alomenos cos partidos que sustentan nestes momentos a Xunta de Galicia, porque efectivamente había que tomar decisións e que ademais viabilizaran algo que se demandaba.

Ata agora téñolle que lembrar, Sr. Soto, que nin sequera está feito o proxecto constructivo, nin tan sequera o proxecto informativo da conexión Ourense-Vigo. Unha cousa é que falemos das datas que no seu momento se acordaron pero a realidade é que estamos en clara desvantaxe. Foi precisamente esa situación a que nos levou chegar a este tipo de acordos, acordos de tipo orzamentario que son realmente os que poden sustentar na práctica o que se di.

Alporizámonos por este tema que para nós é importante pero o acordo do Congreso dos Deputados era un conxunto de medidas e vólvolles sinalar que o maior tráfico ferroviario dase dentro do noso país; tanto en mercadorías coma en pasaxeiros o segundo tráfico máis importante dase con respecto a Portugal e o terceiro con respecto á meseta e cos tres é necesario actuar nestes momentos.

Quérolles sinalar os estudos feitos polo observatorio transfronteirizo España-Portugal que son tremendamente alarmantes porque estamos falando da área metropolitana de Vigo, a cidade maior e máis poboada, o motor económico de Galicia que ten un importante papel a xogar na eurorrexión Galicia-norte de Portugal, pero na práctica nos dá a impresión de que se non se toman medidas axeitadas iso non se vai viabilizar.

É alarmante o que detecta o antedito observatorio e, por certo, un estudo feito en decembro de 2004 a respecto do tráfico do 2003 di algo para nós importantísimo, para Vigo pero tamén para Galicia: En primeiro lugar o que constata é que practicamente o 60% das mercadorías de Portugal saen por Salamanca e non por Vigo. En segundo lugar constata que hai unha redución importante no tráfico de viaxeiros entre Portugal e Vigo, en concreto fala dunha redución entre os anos 2001 e 2003 que foi da orde aproximadamente do 25% anual no tráfico de pasaxeiros entre Portugal e Galicia a través de Valença-Tui-Vigo.

Con isto queremos dicir que efectivamente podemos centrar todo o noso esforzo na conexión coa Meseta que é importante e fundamental, agora ben,

nos esquezamos as outras realidades que sufrimos os galegos e galegas todos os días cando hai que se desprazar de Vigo a Santiago, por poñer un caso, ou de Vigo a Ourense. Tamén hai outra realidade que nos vai no futuro do papel que nestes momentos xogamos e que deberemos xogar en tempos futuros e son esas conexións que se non tomamos as decisións axeitadas efectivamente poden traer consecuencias nefandas.

Polo tanto para nós, o BNG, o máis importante era dar un debate global e que se priorizara en primeiro lugar aquilo que é fundamental evidentemente porque se non non tería contido o resto, que é o tramo Lubián-Ourense. Fundamental porque poderemos falar da alta velocidade pero se pode quedar aquí e nós queremos que nestes momentos as obras que se están facendo non só non se paren senón que aceleren. Nese sentido ían o conxunto de medidas e precisamente queremoslle dar continuidade a este acordo.

Efectivamente dirá vostede que tampouco o acordo do Congreso dos Deputados sae no BOE, sen embargo vostede cre que iso pode seren factible. Efectivamente nós así o coidamos e por iso pulamos para o 2007, pero non se remata aquí, a nosa intencionalidade é que en 10 anos se salde a débeda histórica que se ten con este País en distintas materias e entre elas a de infraestructuras, en concreto a alta velocidade.

Por iso chegamos a este acordo os dous partidos que sustentamos a Xunta de Galicia e ademais, coma ben se dixo, o 8% é bastante superior ó que nos correspondería utilizando calquera outro dos conceptos, pero hai unha débeda que por primeira vez na historia deste País se empeza a saldar; iso para nós é o máis importante.

Por último e a respecto do engadido que se fai da conexión con Bouzas. Independentemente de calquera debate e dentro das limitacións que temos, evidentemente nós non gobernamos o Estado pero o que si é certo é que pulamos acordos que se contemplan nos orzamentos e hai unha partida de 300.000 euros no Ministerio de Fomento precisamente para estudar a conexión ferroviaria co porto en Bouzas. É precisamente gracias a unha iniciativa do BNG, por certo, grandilocuentes declaracións de intencións dos distintos presidentes da Autoridade Portuaria que pasaron pero ninguén se acordou dese tema e tivo que ser precisamente o BNG quen a través dunha iniciativa que hoxe está contemplada e agardemos que se concrete o máis axiña posíblem quen falou desa conexión co porto de Bouzas.

Polo tanto nós imos apoiar a moción que vostedes presentaron cos engadidos correspondentes pero lles pedimos a todos que non nos quedemos única e exclusivamente no debate de Ourense-Vigo que é fundamental, pero deamos un

debate de carácter global e esteamos vixilantes para que os distintos prazos que se puxeron enriba da mesa se cumpran ou en todo caso se atrasen o mínimo posible. Insisto unha vez máis en que para iso hai que ter proxecto constructivo, cousa que ata o de agora non temos porque se presentou o estudo de viabilidade económica e técnica no ano 2004 e polo tanto é imposible a estas alturas que ningunha obra do tramo Ourense-Vigo estivera en marcha.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: O acordo do Congreso dos Deputados respecto á aprobación do Plan de Infraestruturas e Transportes para min é absolutamente crucial, por suposto que o é. Expresa un compromiso de estado do Goberno de España clarísimo respecto a uns proxectos de infraestruturas e transportes absolutamente vitais.

Cando nos reuniamos en xaneiro de 2005, o tema de Cerdedo non estaba nin resolto, nin debuxado; que aparecera ou que houbera o acordo é absolutamente crucial. O acordo de que sexa unha liña de tráfico de pasaxeiros exclusivamente co que terá que haber un compromiso, por suposto, de mellora do corredor do Miño para o transporte de mercadorías, como obviamente está implícito, é un importantísimo avance.

Eu teño ademais confianza porque se nos lembramos do Consello Social que vostede presidía Sra. Alcaldesa, eu insistía no nome do meu grupo en que era absolutamente crucial precisamente o tema da vía de Cerdedo que era o que non tiñamos en absoluto asegurado e que era absolutamente vital que todas as forzas económicas, sociais e políticas de Vigo estiveran moi atentas a ese tema que ía requirir un grande esforzo.

Dende aquela ata agora eu teño novos datos e ademais cambiou a Xunta de Galicia e por suposto teño absoluta confianza no Presidente da Xunta de Galicia para pular este proxecto da liña de Cerdedo con todo entusiasmo e prioridade. Iso é o que cambia dende xaneiro de 2005 ata hoxe.

Os meus compañeiros e máis eu coma o seu representante aquí temos a absoluta seguridade do compromiso total do Presidente da Xunta para que este proxecto vaia adiante. Iso é o que me fai ser optimista hoxe por suposto sen baixar a garda en ningún intre.

Respecto ó resto dos puntos, o Sr. Figueroa presenta coma un grande logro para a cidade que hai un compromiso asinado por parte da Alcaldesa, a Conselleira de Política Territorial e o Ministerio de Fomento para o tema da estación pasante, o acceso a Vigo, etc. Coidámolo positivo pero o que me resulta increíble é que só se fale dese tema porque a Alcaldesa ten a mesma



e absoluta confianza de todas as forzas políticas e sociais para pular, para xestionar o resto dos acordos do Consello Social e non temos grandes novas dos avances polo que se refire a esa xestión. Voume concentrar nunha porque é absolutamente increíble que por parte do Concelleiro, Sr. Figueroa, se me diga algo coma que non se pode fallar á verdade.

Respecto ó tema Bouzas: Eu supoño que a Dirección Xeral de Ferrocarrís se pronunciará sobre un documento que se lle envía, documento no que se expresa o que Vigo quere en concreto en infraestructuras ferroviarias e no PXOM non vai o acceso a Bouzas. Suponse que o que ten que informar a Dirección Xeral de Ferrocarrís é iso, o que Vigo está solicitando e aí non aparece debuxado ese acceso a Bouzas. É curioso que sobre unha cousa coma o PXOM que é o noso deber e está sen facer, se pronuncie a Dirección Xeral de Ferrocarrís se non está debuxado. O lamentable é que ademais a Xunta anterior do PP tiña un proxecto, máis ca nada un debuxo dese acceso a Bouzas pero aceptable coma base de partida mesmo por nós que o presento con "bombo e prato" antes das eleccións, pero nada máis. Qué se xestionou sobre iso cando é a nosa obriga? Iso témolo que poñer nós, témolo que pedir nós. Pode ter tamén a completa seguridade que si estou absolutamente convencido de que Portos do Estado e o Ministerio de Fomento teñen moi claro que é absolutamente imprescindible facer ese acceso. Aí está tamén a proposta dos 300.000 euros traballando precisamente nese estudo.

Pero a Sra. Alcaldesa tiña o mandato do Consello Social para xestionar todo iso. Aquí só se fala de algo que se acadou en principio e o que é fundamentalmente a nosa obriga non o facemos nin o xestionamos; ónde está esa capacidade de xestión? Iso é o que tiñamos que ter feito nós e precisamente por iso é polo que facemos esa engádegas.

Xa para rematar, deixar claro que o importante é o resultado deste Pleno desta Corporación con esta unanimidade que semella que vai haber á hora de reclamar o que obviamente Vigo merece e necesita. Precisamente porque o necesita é polo que todos imos seguir poñendo o maior esforzo para que sexa acadado no menor prazo de tempo posible.

SR. FIGUEROA VILA: Con respecto ó soterramento na entrada das vías en Vigo que non se utilicen mal as miñas verbas porque eu non dixen que non estaría soterrada a vía de entrada; só dixen que nalgunhas zonas hai dificultades técnicas porque senón díganme vostedes como se arranxa no nó de Isaac Peral, cómo se soterran aí as vías. Se hai algún técnico que sexa quen do facer que o diga.

Con respecto á entrada do AVE en Vigo na maior parte vai soterrada e onde é imposible tecnicamente, nalgunha zona coma o nó de Isaac Peral, é un tema moi puntual por seren imposible tecnicamente. En cambio cando é paralela á autopista fálase claramente e di dun xeito claro: "Modificación en planta ó trazado ferroviario na zona de Frián, punto quilométrico 1.500 a punto quilométrico 2, de forma que se situe contigua e á mesma cota que a autopista facendo posible a mellora da permeabilidade transversal". Está perfectamente claro, penso que nese tema se vai tentar, paralelamente á autopista que había vai a cuberta nas cotas correspondentes.

Ademais se di claramente no acordo que "A estación Vigo-Urzáiz será remodelada de acordo coas liñas xerais contidas no anteproxecto elaborado dentro do programa viario quedando deprimida nuns 4 ou 5 metros con respecto á cota actual". Iste foi o preacordo que tomaron, logo os técnicos estiveron traballando durante os últimos tres meses e nas próximas semanas presentaranos unha proposta técnica máis definida e será cando poderemos analizar todo o trazado do tramo da entrada do AVE en Vigo.

En canto á afirmación que eu fixen con respecto á entrada do AVE de que a cidade de Vigo tiña resoltos ou alomenos enfocados os seus problemas, ninguén desbotou esa idea que eu puxen enriba da mesa porque é a primeira vez que hai un acordo entre o Ministerio e a Consellería de Política Territorial para a entrada do AVE en Vigo.

Polo tanto, con respecto á entrada do AVE esta Alcaldesa, o Goberno e coido que a Corporación fixeron os seus traballos, pero non só isto porque temos a adaptación do proxecto constructivo do subtramo Vigo-Maceiras que tamén está en marcha nestes momentos e logo dunha xuntanza que tivemos os voceiros remitiuse o acordo e as matizacións do Concello de Vigo. Polo tanto dende Urzáiz ata Maceiras Vigo ten resolta e máis ou menos decidida a entrada do AVE na nosa cidade con acordos xestionados pola propia Alcaldesa e con traballos que nalgúns casos lles hai que recoñecer a outros concelleiros anteriores.

Con respecto a Portos do Estado e ó trazado do ferrocarril con Bouzas, Sr. Calviño, deixémonos de lerias, que nos presenten alternativas. Se hai un compromiso tan firme, unha idea tan firme do Porto de Vigo, de Portos do Estado e do Ministerio de Fomento, a qué están esperando para se dirixir a este Concello e poñer a idea, o estudo, o proxecto e o financiamento enriba da mesa? Que nolo poñan dunha vez porque o estamos esperando encantados e cos brazos abertos; que nos digan cal é a idea, o proxecto, as necesidades

que ten o Porto de Vigo para que logo non nos digan coma noutras instalacións que non son competencia do Concello porque son deles.

Eu propoño un punto a maiores: "Esixir ou remitir á Autoridade Portuaria para que nos envíe o máis axiña posible ese estudo co financiamento correspondente de Portos do Estado e do Ministerio de Fomento para incluír ou modificar o Plan Xeral canto antes". Iso é así, o demais é leria, confundir, facer debate político e mentir á opinión pública. Se teñen tan claro o proxecto, as necesidades e as demandas, por qué non nos dan o proxecto e nos envían un escrito dicindo que as necesidades que hai, o trazado, etc., e que hai financiamento correspondente do Ministerio de Fomento? O Concello de Vigo vai debuxar algo que logo non sabe se é posible ou non técnica e economicamente? Os Corporativos desta cidade están dispostos a que con fondos públicos municipais se sufraguen eses estudos e ese proxecto? O Partido Popular do Concello de Vigo non, rotundamente. Se hai tanta celeridade, tanta urxencia, a demanda é tan grave e tan necesario que nos poñan ese proxecto enriba da mesa, qué custa se xa o teñen? Supoño que o terán estudado, supoño que o Porto de Vigo saberá das necesidades que ten con respecto a ese trazado do ferrocarril.

Nós imos propoñer para votar esta moción que se solicite á Autoridade Portuaria de Vigo e a Portos do Estado que se nos remita ese estudo, as necesidades, a demanda e ese posible trazado que eles queren conseguir. Se non é así o demais é leria, falar para a galería e ó final sen concretar os temas.

Dende o Concello de Vigo por suposto imos seguir traballando en que o trazado Ourense-Cerdedo-Pontevedra-Vigo se concrete canto antes, pero tamén nos gustaría deixar claro con respecto ós trazados que competen e que o Concello de Vigo ten autoridade sobre eles, os temas están totalmente enfocados, o traballo está feito e hai que seguir vixiando para que eses compromisos se cumpran o máis axiña.

Sr. Calviño, aquí só hai unha cuestión que é mirar consignadas nos orzamentos do Estado as cantidades suficientes para que esa vontade política que vostede acaba de reflectir aquí e que nós non dubidamos nin cuestionamos, se axilice e se poña en marcha o máis axiña posible. A única maneira de disiparlle calquera tipo de dúbidas á opinión pública, a esta Corporación e a todos os cidadáns, coma vostede di é que se nos orzamentos do ano que ven estean consignadas esas cantidades para levar a cabo ese trazado. Entón nós dende aquí o felicitaremos, agradecerémoslle ese compromiso coa cidade de Vigo e dende logo estaremos totalmente

satisfeitos. Se non é así o demais son cuestións, argumentos políticos e confundir unha vez máis á opinión pública.

Dende o Concello de Vigo imos seguir pulando e potenciando este proxecto. Esperemos que este acordo se concrete nun convenio nas próximas semanas para que todos os tipos de aproveitamentos urbanísticos e todo o deseño dese proxecto da entrada do AVE en Vigo se poida ver concretado.

Sr. Soto, se vostede acepta esa petición nosa de dirixírmonos a Portos do Estado para que nos remita canto antes ese estudo que ó pareceren teñen feito, esa demanda e esa necesidade e por suposto o compromiso firme de que van tentar buscar a consignación e o financiamento oportuno para ese trazado, nós votaremos a favor a súa moción.

SR. SOTO FERREIRO: Pois vai ser que non. Non sei se o que queren é votar en contra desta moción por oportunismo político e andar en pelexas outra vez entre o PSOE e o PP.

Sr. Figueroa, eu non teño nada que agachar e se a min vostede me presenta unha moción urxente fóra da orde do día para pedir o que vostede di, eu non terei ningún problema en votala; pero subordinar a un acordo co Estado o tema da alta velocidade para entrar en pelexas co Porto, non Sr. Figueroa, estoulle pedindo que non entre nesas regueifas.

De verdade que hai unha dirección política no substrato desta moción e é que Fomento, Xunta, Deputación e outras institucións apoien esa negociación de Vigo e Pontevedra. Por certo, estou sendo moi inxusto falando só de Vigo e a Pontevedra aféctalle tanto practicamente coma a Vigo, polo tanto trátase do sur da provincia de Pontevedra.

Ese é o substrato político desta moción, Sr. Figueroa, e non me pida desvirtualo para lle meter un dedo no ollo ó outro porque eu pódolle meter sete dedos no ollo e paréceme que está facendo unha xestión moi demagóxica. Non hai problema en opinar pero iso non debe levar de ningún modo a desvirtuar esta moción con guerras ou enfrontamentos partidistas.

Polo tanto de ningún modo lle podo aceptar esa emenda. Estou dando explicacións e xustificacións pero lle digo unha opinión en paralelo.

Eu antes fun inxusto no tratamento da Sra. Alcaldesa. Recoñezoo porque non me decatei en poñer de relevo que é certo que é positivo que ese acordo conteña o tema de que Vigo sexa unha estación pasante; é verdade, ten razón porque iso é positivo, agora ben, ese feito ten que tapar calquera tipo de acordo ou calquera tipo de traza? Na miña opinión non. Iso é o que lle quero dicir, que sen deixar de estimar coma positiva esa parte do acordo,

dígolle que eu coma Alcalde de Vigo non o asinaría se non me fan a entrada en Vigo soterradamente; voulle ir máis aló: polo menos nos aspectos circunstanciais da zona de Sampaio con todas as casas que hai que derrubar o que realmente teríao que facer ese proxecto.

Eu non o faría e non por iso de "sostenella e no emendalla", senón porque a presión política que xeraríamos en Vigo sería a que lle fixera cambiar a traza a Fomento e non ó revés. Estou convencido e vostedes ou politicamente non saben ou non queren, non sei cal das dúas cousas é.

Teñen o meu voto para que a Sra. Alcaldesa se negue a asinar ese acordo se non leva a entrada soterrada por Teis e espero que o teña das demais forzas políticas. Xa verá coma triunfa Vigo na negociación. Se temos que esperar tres meses máis ou menos moi ben; paga a pena esperar seis meses ou non para que Teis teña a entrada soterrada, para que non teña as vías montándolle outra barreira urbanística? Teñen que as ter porque non hai outro xeito de solucionar o tema das comunicacións, pero as teñen que ter do mellor xeito posible, do mesmo xeito que outras cidades, insisto en que non pedimos a lúa, pedimos que se faga coma se está a facer noutras cidades.

O outro días escoitei cousas simpáticas sobre que se a estación vai estar moi baixa; pois en Madrid van estar no ceo porque entra o AVE soterrado por todo Madrid, atrávesao de punta a punta. Así tamén din exemplos doutras máis cidades que hai.

Defendan ese tipo de acordos porque teñen lexitimidade e dereito para o facer, digan que nos traten coma a Málaga ou Zaragoza no tema do soterramento das vías. Se non o fan é que non saben ou non queren e non o fagan por asinar un acordo calquera e facer unha foto. Supoño que non será por iso.

Deberan ter o apoio da Corporación para non asinar calquera cousa. Polo menos eu pídolles que o fagan con esa responsabilidade e non serei eu quen lles pida contas por non asinar un acordo, pedireillas se o asinan mal. Serán culpables de asinar un mal acordo porque é irreparable, se as vías entran ou non soterradas en Vigo será un acordo irreparable ou alomenos serao durante 300 anos. É un tema gravísimo.

Pídolles que asuman a responsabilidade de defender intereses obxectivos de Vigo, non os do PP, nin os do PG, BNG, ou PSOE, os de Vigo.

SR. FIGUEROA VILA: Imos presentar unha moción, ímola preparar ben e ímos remitir a solicitude á Autoridade Portuaria e a Portos do Estado e traela ó próximo Pleno. Imos traer unha moción ben documentada, non se preocupen.

A ver se dunha vez por todas nos deixamos de tanto debate nos medios de comunicación, debates sen argumentos e sen xustificacións porque é moi fácil dicir que queremos a lúa e non saber onde metela, hai que concretar. Cando unha administración demanda un proxecto e coida que é tan necesario o mínimo que ten que ter enriba da mesa é polo menos a idea, un estudo ou un anteprojecto para coñecer as necesidades. Iso é o que imos solicitar.

Nós imos preparar esa moción, imos votar o fondo desta moción pero repítolle novamente, Sr. Soto: no acordo que hai contemplado as vías están soterradas na maior parte do tramo. Non desvirtuemos os acordos, hai temas que agora mesmo están negociando, que veremos os froitos desa negociación porque nin ó Concello, nin ó Goberno lles gusta pero estamos nunha negociación e esperamos que a concreción nas próximas semanas das cuestións puramente técnicas poidan ser o máis favorable posibles para a cidade de Vigo. Repito novamente que na maior parte do tramo as vías están soterradas.

A PRESIDENCIA: Pasamos a votar. Engádese a emenda que presentou o Concelleiro, Sr. Soto, e tamén cun punto máis do Sr. Calviño con respecto ó acceso ferroviario a Bouzas.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: O punto 1 é pedirlle ó Goberno de España e o 2 sería pedirlle tamén e logo o texto do acordo do Consello Social: "Que se realice o acceso ferroviario á terminal portuaria de Bouzas para conectar a zona de expansión do Porto de Vigo coa rede ferroviaria galega". Á marxe de que máis adiante o Goberno do Partido Popular presente esoutra emenda, coido que non está de máis que aquí poñamos este punto.

SR. FIGUEROA VILA: Eu supoño que ese punto con respecto ó ferrocarril non quere dicir que o Concello de Vigo propoña o trazado.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: En concreto é pedirlle ó Goberno de España.

SR. SOTO FERREIRO: A emenda que eu propuxen entón quedaría no punto nº 3 e os demais correrían a orde.

Emenda formulada polo voceiro do Grupo municipal do PG. Sr. Soto Ferreiro, durante o curso do debate:

Engadir un novo punto co seguinte texto:

“Que a Sra. Alcaldesa negocie co Ministerio de Fomento que o actual proxecto para un novo trazado ferroviario entre Redondela e Vigo se realice por unha cota que permita que a Alta velocidade entre de xeito soterrado dende Teis ata a estación de Urzáiz”.

Emenda formulada polo concelleiro do Grupo municipal do PSdeG-PSOE Sr. Calviño Rodríguez, durante o curso do debate:

Engadir un novo punto co seguinte texto:

“Que polo Goberno de España se realice o acceso ferroviario á terminal portuaria de Bouzas para conectar a zona de expansión do Porto de Vigo coa rede ferroviaria galega”.

(Están ausentes os Sres. Arias Moreira, Barros Puente e Iglesias Carrera e a Sra. Porteiro García).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintetrés membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Pedirlle ó Goberno de España que o tramo Vigo-Pontevedra-Cerdedo-Carballiño-Ourense sexa considerado con idéntica prioridade ca os tramos da Alta Velocidade que teñan o mellor tratamento en Galiza, tanto nos aspectos técnicos como no calendario de materialización.

Segundo.- Que polo Goberno de España se realice o acceso ferroviario á terminal portuaria de Bouzas para conecar a zona de expansión do Porto de Vigo coa rede ferroviaria galega”.

Terceiro.- Que a Sra. Alcaldesa negocie co Ministerio de Fomento que o actual proxecto para un novo trazado ferroviario entre Redondela e Vigo se realice por unha cota que permita que a Alta velocidade entre de xeito soterrado dende Teis ata a estación de Urzáiz

Cuarto.- Pedirlle ó Parlamento Galego e á Xunta de Galiza que apoiem a nosa petición.

Quinto.- Ó mesmo tempo, pedirlle á Deputación de Pontevedra o seu apoio diante desta xusta reivindicación.

Sexto.- Que se lle dea traslado desta resolución ó Consello Social de Vigo pra o seu coñecemento e a oportuna consideración.

13.- (128).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PG RELATIVA A INSTAR Ó GOBERNO DE ESPAÑA A QUE REDEFINA O CADRO DE PERSOAL DA INSPECCIÓN DO PORTO DE VIGO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 18 de xuño, o concelleiro do grupo municipal do PG, Sr. Alonso Vázquez, formula a seguinte moción:

"Na data 18 de maio de 2005 presentamos unha moción que se aprobou por unanimidade no Pleno do fin dese mesmo mes. De seguido transcribimo-la nosa proposta de entón:

*"Vigo é un dos primeirísimos portos de descarga de peixe do mundo e, dende logo, o primeiro porto de descarga en pesca conxelada de España.*

*No ano 2004 descargáronse no porto de Vigo 200.000 contedores, e o Posto de Inspección Fronteiriza (PIF) fixo 12.000 inspeccións (moitas máis das que antes se facían). O 95% delas foron realizadas por Sanidade Exterior.*

*No ano 2004 descargáronse no porto de Barcelona 2.000.000 de contedores, e o PIF fixo 3.000 inspeccións. No de Valencia descargáronse 1.900 contedores e fixéronlle 10.000 inspeccións. Por qué esa desproporción de inspeccións en Vigo respecto doutros portos?*

*En todo caso e pra dar un servizo digno, en Barcelona e Valencia teñen dúas quendas no PIF, unha pola mañá e outra pola tarde, namentres que o de Vigo soamente ten unha quenda de mañá polo que, ó estaren detidos os contedores perante demasiado tempo, soben os custos das empresas o que lles comporta grandes pérdas económicas. Téñase en conta que unha semana de atraso supón, por cada contedor, máis de 3.000 euros.*

*Hai empresarios que comezan a pensar en descargaren noutros portos nos que lles dean servizos axeitados. Acaso se pretende prexudicar deliberadamente ó porto de Vigo? Por quen e por qué?*

*Consonte co antedito propoñemos:*

*Que o Goberno de España poña outra quenda de inspección pola tarde no porto Vigo."*

Ata aquí a nosa proposta de entón que, lamentablemente, non foi debidamente atendida, polo que se segue a prexudicar ó porto de Vigo. Ou sexa, a Vigo. Ou sexa, á Área Metropolitana de Vigo. Ou sexa, á provincia de Pontevedra. Ou sexa, ó sur de Galiza. Ou sexa, a Galiza.

En efecto, o problema non está aínda ben resolto pois se ben é certo que diante do amontoamento de inspeccións pendentes se ven de arbitrar unha solución-parche de pagar horas extras pra poder facer máis inspeccións, seguimos a insistir en reclamar que se solucione o problema de fondo co establecemento dun cadro de persoal suficiente.



Consonte co antedito propoñemos:

Dirixirnos ó Goberno de España pra que redefina o cadro de persoal da inspección no Porto de Vigo, en función do traballo obxectivamente previsto, de xeito que as inspeccións se poidan facer nun prazo de tempo razoábel."

A comisión informativa de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, en sesión do 19 de xuño, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. ALONSO VÁZQUEZ: Hai agora un ano e oito días que presentamos unha moción sobre este mesmo tema. Eu lembro que daquela dera algún dato relativo a que en Vigo había unha descarga de 200.000 colectores con 12.000 inspeccións e que portos coma o de Barcelona con 2 millóns de colectores só tivo 3.000, en Valencia con 2 millóns de colectores fixéronse 10.000 inspeccións. Nun parágrafo dicía que había empresarios que daquela estaban pensando en ir descargar a outros portos porque había bastantes problemas.

Cónstame que o 4 de xullo se lle mandou unha carta a dona Elena Salgado Méndez e tamén a dona Elena Espinosa. Non sei se se lle respostou ó Goberno ou non pero facer non se fixo ren.

Hai un ou dous meses que houbo un problema de saturación que lles custou ós empresarios uns 135 millóns de pesetas por 15 días que estiveron parados os colectores na terminal por falla de inspección. Hai que pensar que cada día que estea un colector paralizado custa unhas 10.000 pesetas e ás empresas se lles causaron uns 9 millóns de pesetas diarias de perdas. Mesmo houbo empresas que tiveron que parar o seu ritmo de traballo porque tiñan o seu produto alí almacenado e co gasto que iso conleva.

A solución de todo isto é ampliar o horario de quenda tanto da mañá coma o da tarde porque en Vigo só hai sete inspectores, tres traballan de mañá e dous de tarde e só traballan de luns a xoves.

En Valencia, Barcelona ou Algeciras coma máximo estase inspeccionando un 30% coma máximo en partidas alternas. En Vigo non sabemos por qué se está inspeccionando un 45% e hai casos dun 40% se hai moita saturación.

Seguimos sen entender esa discriminación ó Porto de Vigo sabendo que Vigo hoxe por hoxe debe ser o porto que máis descarga ten de conxelado de toda Europa.

Este é un problema que lle corresponde á Subdelegación do Goberno que é quen o ten que solucionar.

A partir do 15 de agosto imos ter o mesmo problema que hai 15 ou 20 días atrás. Aquí fálase de números e doutras historias pero eu non entendo que este problema lles cause a empresarios da nosa área metropolitana a cantidade de 130-140 millóns de pesetas en 15 días e a Subdelegación do Goberno, o Estado ou quen sexa non meta 2-3 quendas máis, ou as que faga falla, se lles cause ós nosos empresarios semellante agravio comparativo con respecto a outras zonas.

Por todo iso volvemos insistir e a ver se esta vez nos fan caso: Dirixírmonos ó Goberno de España para que defina o cadro de persoal da Inspección do Porto de Vigo en función do traballo obxectivamente previsto, de xeito que as inspeccións se poidan facer en prazo e tempo razoable.

SR. FIGUEROA VILA: Nós imos votar a favor pero en calquera caso eu mesmo coma Voceiro do Goberno e diante dalgunha pregunta dalgún medio de comunicación fixen unhas manifestacións dicindo que menos publicidade e máis xestión e ós catro días pediron a miña dimisión. Agora volvo o mesmo e a ver se volven pedila.

(Están ausentes os Sres. Arias Moreira, Barros Puente, Comesaña Abalde, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro e Viéitez Alonso e as Sras. Graña Barcia e Porteiro García).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos dezanove membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do PG, Sr. Alonso Vázquez, relativa a instar ó Goberno de España a que redefina o cadro de persoal da inspección do Porto de Vigo co texto que se transcribe nos antecedentes.

14.- (129).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG INSTANDO A CREACIÓN DO CONSELLO MUNICIPAL DAS MIGRACIÓNS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 19 de xuño, a concelleira do grupo municipal do BNG, Sra. Méndez Piñeiro, formula a seguinte moción:

"As migracións humanas constitúen un fenómeno social de primeira magnitude no mundo contemporáneo, potenciado polas diferenzas de desenvolvemento entre os distintos países e a globalización, que consolidou o modelo neoliberal a nivel mundial, xerando cada vez maior desigualdade, empobrecendo aos países máis pobres e obrigando a emigrar as súas xentes en busca dunhas mellores condicións de vida. Os inmigrantes aportan pola súa capacidade de traballo valor económico aos países receptores, invertindo o mesmo tempo o declive demográfico, pero isto xera reaxustes sociais nas sociedades que os reciben.

É labor das Administracións Públicas analizar a situación que está xerando este fenómeno e establecer políticas de integración e de igualdade que faciliten o desenvolvemento e benestar deste colectivo. Neste senso os concellos son ámbitos de gran importancia, xa que é aquí donde os inmigrantes viven, traballan e educan aos seus fillos. Polo tanto a Administración Local é a que en primeiro lugar ten que aplicar as políticas de integración e de igualdade de oportunidades. Por outra banda, a chegada de inmigrantes de diferentes procedencias impacta de forma directa nos servizos municipais, que deben adaptarse ás novas demandas poñendo en marcha servizos específicos e reforzando os existentes, adicando polo tanto máis recursos, tanto materiais como humanos.

Galiza foi e segue a ser un país exportador de man de obra, pero tamén comeza a ser un país receptor de emigrantes retornados e inmigrantes. Así segundo datos moi recentes do INE no 2003 marcharon do noso país 80.900 persoas e establecéronse nel 92.090. No que respecta ao Concello de Vigo, a 30 de maio do 2006 figuraban inscritos no padrón municipal 11.614 persoas entre emigrantes retornados e inmigrantes, que representa o 3,9% da poboación total da nosa cidade, o que lle habería que engadir as persoas residentes que non están empadroadas, que segundo datos das propias asociacións de inmigrantes poderían alcanzar perto das 14.000. Este colectivo experimentou un medre moi importante nos 3 últimos anos.

Para atender a toda esta poboación o Concello conta cunha Oficina de Inmigración atendida por seis persoas, das que a dúas remátalle o contrato no prazo dun mes. Segundo as últimas estatísticas a oficina recibiu o ano pasado 634 consultas, sendo usuarias habituais 305 persoas, o que representa o 3% do total de inmigrantes empadroados. Isto quere dicir que ou ben a oficina non está suficientemente publicitada e polo tanto é descoñecida pola poboación a que está especificamente dirixida, ou que os inmigrantes afincados en Vigo non teñen ningún tipo de problema, cousa pouco probable. Así mesmo, cando se conversa coas asociacións representantes destes colectivos refiren non sentirse atendidos polas Administracións e tampouco partícipes das decisións que se toman acerca deles.

Consideramos polo tanto, que se verdadeiramente queremos aplicar esas políticas de integración e igualdade de oportunidades para previr problemas nun futuro, é preciso poñer agora as medidas axeitadas, difundindo os lugares aos que este colectivo pode acudir para ser informados e orientados, facendo campañas entre a cidadanía e os axentes socio-económicos sobre os beneficios da diversidade, intentando evitar así os abusos que se cometen, coñecendo a través dos propios colectivos cales son as súas demandas e potenciando o voluntariado neste campo para apoiar e complementar os aspectos que non se cubren dende o Concello.

É por iso que propoñemos ao Pleno da Corporación que se adopten os seguintes acordos:

- 1.- Crear o Consello Municipal das Migracións, onde estean representadas todas as asociacións de emigrantes retornados e inmigrantes.
- 2.- Difundir a información sobre os lugares aos que este colectivo pode acudir para ser informados e orientados, utilizando para isto a Oficina de Empadronamento e outros lugares que se consideren oportunos.
- 3.- Mellorar a dotación en recursos técnicos e humanos da Oficina de Inmigración.
- 4.- Incrementar o voluntariado adicado a apoiar a este colectivo e ás asociacións que os representan."

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do 19 de xuño, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Nos últimos tempos estamos asistindo a unha crecente chegada de persoas procedentes doutros países, tanto emigrantes retornados coma inmigrantes. Coidamos que isto é produto das diferencias de desenvolvemento entre os diferentes países e tamén do fenómeno da globalización que está facendo que a xente teña que saír dos seus países polas graves desigualdades que está provocando e ir na busca dunhas mellores oportunidades a sociedades digamos que opulentas.

Este colectivo tanto de inmigrantes coma emigrantes retornados aportan ós países que chegan valor económico e non só iso, senón que tamén están aportando valor demográfico, pero á súa vez isto provoca que se produzan reaxustamentos nas sociedades ás que chegan. É precisamente función das administracións públicas que estes reaxustamentos non se convertan en problemática social porque é a súa función dar igualdade de oportunidades a estas xentes que veñen buscando benestar para o seu desenvolvemento e facer polo tanto políticas de integración. Cando falamos das administracións públicas, precisamente á quen lles compete en primeiro lugar resolver estes problemas é ós concellos porque é neles onde os emigrantes se asentan, viven e traballan, tamén onde educan ós seus fillos, van ó medico, etc.

Todo isto provoca dalgún xeito que os servizos municipais teñan que se adaptar a esta chegada crecente de emigrantes, reaxustando os servizos existentes e ó mesmo tempo creando servizos específicos para atender á problemática tamén específica deste colectivo, destas persoas.

Coma dicíamos a primeira liña de actuación está nos Concellos e neste caso o Concello de Vigo é quen ten que fornecer estes servizos específicos.

Cando imos a datos concretos do noso Concello temos que á data do 30 de maio deste ano, estaban inscritos no Padrón municipal 11.614 persoas entre inmigrantes e emigrantes retornados. Se botamos a conta este dato representa o 3,9% da poboación de Vigo; pero se facemos caso ós datos que teñen as asociacións sobre inmigrantes e emigrantes retornados vemos que realmente eles din que nestes momentos hai aproximadamente 15.000 persoas. Iso representa bastante máis que o 3,9%, estamos xa nun 5%.

Á parte dos servizos sociais que nos atenden a todos, no Concello de Vigo para dar resposta á problemática específica destes colectivos temos a oficina de inmigración. Vemos que esta oficina atendeu o ano pasado 634 consultas e fixo 305 labores de seguimento que son algo máis que unha sinxela consulta. Isto representa o 3% de todos os inmigrantes e emigrantes retornados que hai en Vigo, é dicir, o 97% das persoas que están aquí empadroadas non acudiron á Oficina de Inmigración. Isto fainos pensar que os inmigrantes de Vigo non teñen problemas, ou que non saben que existe unha oficina de información, ou algo está funcionando mal nesa Oficina de Inmigración, ou non mal pero que hai que rexustar para que se saiba que existe e os inmigrantes acudan.

A oficina de inmigración nestes momentos conta cun persoal digamos que estable, porque non é fixo, de catro persoas. Hai unha coordinadora que é unha traballadora social pero que ó mesmo tempo tamén ten que atender a labores do Concello, unha avogada e unha administrativa. Ó mesmo tempo hai dúas persoas máis que son traballadoras sociais e que teñen un contrato que empezou a primeiros de xaneiro e remata o 30 de xuño. A partir desta data xa non se vai contar con estas dúas persoas.

As asociacións quéixanse e o persoal da Oficina de Inmigración di que aínda así, recibindo o 3%, non son suficientes. Maxinen o que vai pasar cando esta oficina estea publicitada e os inmigrantes acudan. Imos dar resposta a este colectivo unicamente con catro persoas alí? Qué se pensa facer a partir do 30 de xuño con estas dúas persoas que parece ser que rematan o contrato?

En función do que se nos di dende as diferentes asociacións e logo tamén das entrevistas individuais que tivemos coas persoas inmigrantes, nós afirmamos que este non é xeito de funcionar, que o Goberno non lle está dando a debida resposta á problemática e pódenos vir enriba un problema moi grave porque nestes tres últimos anos se duplicou a poboación de inmigrantes.

Haille que dar resposta a ese problema e contar coas asociacións de inmigrantes porque non se senten partícipes das políticas que estamos facendo acerca delas, cren que se están facendo cousas pero que dalgún xeito non se está contando con eles e cando a xente chega, moitas veces sen un contrato de traballo e o primeiro que fan é vir empadroarse e non atopan información suficiente.

Nós pensamos que isto ten que cambiar. Voulles dar unha anécdota: hai pouco, coido que foi a finais de maio, tentáronse montar unhas pequenas xornadas de convivencia entre as diferentes asociacións, ian dirixidas a que todas as asociacións entraran en contacto e que dalgún xeito entre elas cambiasen impresións, expuxesen a súa problemática e ó mesmo tempo fixeran convivencia. Con estas xornadas nin sequera se contou coas asociacións e polo tanto houbo que suspendelas nos dous días previos a que se producisen. É así coma conta o Goberno coas asociacións de inmigrantes e fai política de integración? Nós coidamos que non, coidamos que hai que contar coas asociacións, falar con elas, preguntarlle qué queren, preguntarlles por qué non se fai a oficina, por qué acuden só o 3% dos inmigrantes. Ó mellor é que teñen que estar alí persoas que si entendan e con isto non dicimos que as que hai non estean cualificadas nin moitísimo menos, pero ó mellor hai que fornecer a oficina con algún emigrante retornado que si coñece exactamente a problemática e ó mellor as persoas non se senten forzadas a contar alí a súa vida cando aínda non están seguras de moitas cousas.

Pensamos que estas cousas teñen que cambiar se non queremos que os problemas que están sufrindo outros concellos nos veñan enriba. Non podemos facer política para "o pobo pero sen o pobo", señores do Goberno municipal, coidamos que hai que contar coas asociacións, cos colectivos e que isto non pode ir polo camiño que vai.

En función disto e logo de falar con cáseque todas as asociacións posto que aínda non chegamos a todas, pensamos que un xeito de contar con este colectivo é facer o Consello municipal das migracións e é polo que solicitamos deste Pleno que adopte os seguintes acordos:

Crear o Consello Municipal das Migracións onde estean representadas as asociacións de emigrantes retornados e de inmigrantes.

Difundir a información sobre os lugares ós que estes colectivos poden acudir para seren informados e orientados utilizando para isto a Oficina de Empadramento e outros lugares que se consideren oportunos.

Mellorar a dotazón en recursos técnicos e humanos da Oficina de Inmigración e incrementar o voluntariado dedicado a apoiar a este colectivo e ás asociacións que o representan.

SR. SOTO FERREIRO: Eu pedinlle á Sra. Méndez na Comisión que incluíra un aspecto que non incluíu e vólvollo pedir agora publicamente.

Estou absolutamente de acordo coa súa exposición, sinxelamente quero facer unha pequena matización aínda que importante no fondo. No punto 3 di: "Mellorar a dotación de recursos técnicos e humanos de Oficina da Xunta de Inmigración"; eu díxenlle que habería que facer un pacto entre a Xunta e o Concello e vostede díxome que si.

Paréceme a min que se está traballando razoablemente ben, que a Xunta está colaborando razoablemente ben co Concello, é dicir, non é nada crítico en ningún sentido pero se queremos ampliar o tratamento destes temas e xa que hai un pacto, ese pacto debe ser ampliado en todo o que queira recoller.

Dito iso, coido que o debere recoller, estou absolutamente de acordo e paréceme que é un problema que será cada vez máis crecente e, por lle engadir unha pequena matización, vostede debuxouno de pasada e eu poría o acento en que temos que ter unha oficina para atender inmigrantes que deixe moi claro, mesmo nos folletos de información, que non somos a policía, que imos tratar o aspecto humano pero que ó Concello non lle atinxe quen debe estar en España ou non e polo tanto cun tratamento axeitado.

Se a vostede parécelle oportuno gustaríame que se recollera esa pequena engádegas de que Concello e Xunta se poñan de acordo para mellorar todos os aspectos humanos e técnicos.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Pola nosa banda non hai ningún problema en recoller coma un punto máis "instar á Xunta de Galicia a que dote de recursos suficientes e colabore". Poderíase dar unha redacción neste sentido. Ningún problema.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Sobre a Oficina Municipal de Inmigración quero dicir que o Goberno municipal si prestou atención a este tema e xa hai tempo cando a través dun convenio coa Xunta de Galicia puxo en marcha en Vigo a Oficina Municipal de Inmigración con asesores xurídicos, traballadores sociais e cunha responsable municipal desta oficina poñendo a disposición o local e o persoal a través dese convenio. Penso que unha

mostra da sensibilidade do Goberno municipal neste tema é esa oficina que dende finais do 2004, primeiros de 2005, está a funcionar na nosa cidade. Tamén hai que ter en conta que o Concello de Vigo presta este servizo non só a través desta Oficina, senón tamén a través de convenios con sindicatos. Hai un convenio que algún Goberno municipal anterior quixo eliminar, foi este Goberno quen o retomou cos tres sindicatos e iso é unha mostra da sensibilidade deste Goberno municipal neste tema evidentemente tan importante na nosa cidade se temos en conta os datos de emigración con respecto ó resto de Galicia.

Si que buscamos a continua colaboración coa Xunta de Galicia, que é quen evidentemente ten competencias nesta materia e con quen se puido poñer en marcha esta Oficina de Inmigración que agora está funcionando a través dun convenio.

Emenda formulada polo voceiro do Grupo municipal do PG, Sr. Soto Ferreiro, durante o curso do debate:

Engadir un novo punto co seguinte texto:

“Instar á Xunta de Galicia que colabore coa dotación de recursos suficientes para a Oficina de Inmigración”.

(Están ausentes os Sres. Arias Moreira, Barros Puente, Comesaña Abalde, Figueroa Vila, Guerra Fernández e Iglesias Carrera e as Sras. Molaes Pérez e Porteiro García).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos dezanove membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituen de dereito e de feito,

ACÓRDASE

Primeiro.- Crear o Consello Municipal das Migracións, onde estean representadas todas as asociacións de emigrantes retornados e inmigrantes.

Segundo.- Difundir a información sobre os lugares aos que este colectivo pode acudir para ser informados e orientados, utilizando para isto a Oficina de Empadronamento e outros lugares que se consideren oportunos.

Terceiro.- Mellorar a dotación en recursos técnicos e humanos da Oficina de Inmigración.

Cuarto.- Instar á Xunta de Galicia que colabore coa dotación de recursos suficientes para a Oficina de Inmigración

Quinto.- Incrementar o voluntariado adicado a apoiar a este colectivo e ás asociacións que os representan.



15.- (130).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA Ó REMATE DA PRIMEIRA FASE DE HUMANIZACIÓN DA TRAVESÍA DE VIGO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 19 de xuño, o concelleiro do grupo municipal do BNG, Sr. Fernández Fernández, formula a seguinte moción:

"Dende agosto do ano 1999 os veciños da Travesía de Vigo veñen soportando obras no seu contorno, todas necesarias e todas moi complicadas. Nos primeiros anos fixéronse con autorización ou dirección do Ministerio de Fomento o que impedía un control e dirección directa por parte dos técnicos do Concello, isto mudou no ano 2002 ao pasar a ser un vial municipal.

No ano 2001 chegouse a un acordo cos veciños, que apoiou despois o Pleno, para continuar o proxecto de mellora da rúa. No 2003 iniciáronse os anteprojectos para levar a cabo a humanización dentro dun novo proxecto de cidade, non exento de críticas pero hoxe felizmente asumido por todos, tamén polo grupo do Goberno municipal, do que nos alegamos.

Por avatares políticos, con minúscula, tocoulle a vostede disfrutar das inauguracións nesta travesía ao principio do seu mandato, personalizándoas totalmente, así como o inicio das novas obras proxectadas por outra Corporación, cousas da política.

Dende o 8 de novembro de 2005, momento no que se asina o contrato da primeira fase de humanización da Travesía, entre as rúas Bailén e Mestre Chané, a realizar en catro meses, o ritmo das obras e o número de traballadores e medios empregados fan imposible cumprir o contrato e, o que é peor, con total descontrol e falta de seguridade no tráfico, tanto de persoas como de vehículos. Hoxe se pode comprobar como todo está empezado en ambas beirarrúas e nada rematado, e xa imos polo mes sétimo dende a sinatura do contrato, "y lo que te rondaré morena".

Os veciños e veciñas da Travesía non poden ser "castigados" coa súa incompetencia, os comerciantes non poden seguir soportando tanto caos. Señora alcaldesa faga xa unha nova visita de xeito inmediato e poña a placa de "inauguración do primeiro treito humanizado da Travesía de Vigo". Os cartos para a segunda inauguración, xa están asegurados pola proposta do BNG de investimentos necesarios para Vigo, porque nós si cumprimos con Vigo e coa Travesía de Vigo.

Polo exposto, o Grupo Municipal do BNG propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

O Pleno da Corporación insta á Alcaldía-Presidencia a esixir o cumprimento dos prazos e rematar xa a primeira fase de humanización da Travesía de Vigo."

A comisión informativa de Servizos Xerais, en sesión do 19 de xuño, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Esta moción é bastante fácil defender porque non hai máis que observar o proceso para se dar conta de que unha obra que se adxudica nun prazo máximo de 4 meses, tal e coma vai eu empregaría as verbas de "descontrol e caos".

Falo de descontrol porque con tres traballadores en plena obra, coma vin a semana pasada, isto levará meses; e digo caos porque por circunstancias persoais paso pola Travesía de Vigo coma mínimo tres veces á semana e a Policía non está ás horas punta. Nas horas nas que hai máquinas traballando a xente aparca como pode, coloca os coches onde lle dá a gana e se non hai orde pasa o que pasa. Eu algunhas veces teño verdadeiros problemas para pasar.

Todos estamos de acordo en que logo de pasar a Travesía de Vigo a ser un vial municipal tiñamos acordos que permitían alomenos un tratamento máis humano e tería que ser por fases. Pero se a primeira fase se adxudica a unha empresa por catro meses e van seis, sete ou o que lle toque e non se remata, non sei qué vai pasar cando cheguemos á cuarta fase porque tal e coma vai esta obra é imposible de controlar.

Eu sei que todas as obras teñen problemas, que son criticables, que lles crean problemas ós veciños pero iniciar un proceso dunha obra no que se presentaron moitas empresas, como sempre que hai unha contía non moi grande, prémiase que se realice nun curto prazo e logo o que non pode ser é que a obra se prolongue e non se remate.

Penso que coma mínimo hai que marcar uns prazos sensatos coas modificacións que se precisen pero hai que ter control. Iste faise non só con visitas, Sra. Presidenta, senón tamén obrigando a que a Policía interveña cando sexa necesario, dando facilidades para que as empresas alí localizadas, xa que neste primeiro tramo é maioritariamente onde está o comercio da Travesía de Vigo, teñan un mínimo de problemas porque xa tiveron bastante dende que no 99 comezamos todo tipo de obras.

Se as obras se adxudican para catro meses, un prazo razoable é permitir un 25% máis, pero non é razoable aumentar os prazos ó dobre, ó triple e xa veremos cando rematan.

A nosa proposta é bastante sinxela: "Que o Pleno inste á Alcaldía-Presidencia a esixir o cumprimento dos prazos e rematar xa a primeira fase da humanización da Travesía de Vigo".

Digo a primeira porque estou seguro que logo de Bailén e Mestre Chané que é o primeiro tramo, quedará un segundo ata Beiras, un terceiro ata Urzáiz e un cuarto ata a avenida de Buenos Aires pola outra banda.

Sei que vostede fixo unha primeira visita institucional á Travesía cando foi nomeada Alcaldesa e atopou as obras en orde e en forma porque outros traballamos previamente e pódolle dicir que todo foi bastante laborioso: houbo protestas e manipulacións desas protestas cando o fin era iste, facer unha vía eminentemente urbana, máis humana, máis vivible e con mellores condicións.

Reitérolle que paso un mínimo de tres veces á semana por estas obras e hai momentos en que é imposible, vexo que non hai traballadores, que as obras empézanse á vez por ambos lados e non se remata en ningún. Por iso non creo que haxa un control mínimo dos servizos municipais e neste caso está claro. A nós por desgracia tocounos instar a outras institucións para que fixeran as cousas ben. Aquí quen paga é o Concello de Vigo que é quen ten que esixir e nós é o que pedimos.

SR. FIGUEROA VILA: Esta obra adxudícase en novembro, logo en decembro se paraliza por mor das festas do Nadal e hai tamén un acordo dunha ampliación do prazo de execución solicitado pola propia empresa.

En calquera caso é certo que hai un retraso nestas obras e nós imos ir máis aló do que vostede propón na súa moción porque xa se lle incoou un expediente sancionador o día 21 de xuño a esta obra e máis a outra que é a da Praza Alba Plena pola mesma situación.

Saiban que este non é un método habitual neste Concello, coido que é das primeiras veces que se incoan expedientes sancionadores pero se abriron dous contra estas dúas obras polo prazo de execución. Esperemos que serva para que no futuro as empresas saiban que dende o Concello se van tomar medidas.

De entrada as medidas as tomamos con estas dúas, estase estudando tomalas con outras máis porque coma vostede ben di as empresas ás veces levan unha puntuación determinada polos prazos de execución e logo non os cumpren.

Penso que estamos todos de acordo en tentar que este tema non se volva producir e a ver se somos quen de que alomenos os prazos de execución sexan razoables.

SRA. GRAÑA BARCIA: Só para felicitar pola nova que acabamos de ter de apertura dun expediente sancionador respecto ás obras da outra praza porque

precisamente este grupo presentou unha carta dirixida a vostede, Sra. Alcaldesa, na que se poñía de manifesto o retraso nesa obra.

(Están ausentes os Sres. Arias Moreira, Barros Ponte, Comesaña Abalde e Iglesias Carrera e as Sras. Molares Pérez e Porteiro García).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteún membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Fernández Fernández, relativa ó remate da primeira fase de humanización da Travesía de Vigo, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

16.- (131).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG INSTANDO A REALIZAR AS OBRAS NECESARIAS PARA HABILITAR UN COMEDOR NO CEIP GARCÍA BARBÓN.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 19 de xuño, a concelleira do grupo municipal do BNG, Sra. Martíns Vilanova, formula a seguinte moción:

"Como vostedes saberán, recentemente presentouse por Rexistro neste concello un escrito da ANPA do CEIP García Barbón que fai referencia á problemática deste centro a respecto do comedor escolar, e que podemos resumir en tres cuestións:

- 1.- A importancia que para a comunidade escolar ten a existencia deste servizo
- 2.- A falla dun local axeitado para dar cabida a todo o alumnado interesado no mesmo
- 3.- A incertidume sobor dos resultados das súas xestións coas distintas Administracións Educativas.

A Concellería de Educación non pode desentenderse dun tema tan importante, necesario e demandado como é o servizo de comedor dun centro educativo, indispensable para dar resposta ás necesidades xeradas polos cambios sociais producidos no ámbito familiar, como son os derivados da incorporación das mulleres ao mundo laboral, chegando a condicionar a matriculación ou permanencia nese centro educativo.

Por todo o anteriormente exposto, propoñemos ao Pleno para a súa aprobación o seguinte acordo:

Que o Goberno municipal medie nas xestións que están levando a cabo a ANPA

-----  
S.Ordinaria 26.06.06

e a dirección do Centro García Barbón coa Delegación de Educación, coa finalidade de acometer as obras necesarias para habilitar un comedor que permita a existencia deste servizo en condicións óptimas.

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do 19 de xuño, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SRA. MARTÍNS VILANOVA: Como vostedes saberán a educación é un servizo público que ten coma obxectivo prioritario a instrucción e a educación do seu alumnado, pero se este obxectivo é prioritario iso non quere dicir que teñamos que desatender servizos que hoxendía son tan fundamentais coma o comedor escolar. Fundamentais porque precisamente contribuen a facer compatible a vida familiar e laboral.

Iste é o caso que nos ocupa, en concreto no Colexio García Barbón ó que nos referimos que na actualidade conta xa con comedor escolar cunha grande demanda por parte do alumnado, en concreto son 142 alumnos nestes momentos os que o están utilizando e que teñen que utilizar o servizo en tres quendas diferentes por falla de espazo.

Estase utilizando para ese comedor unha especie de aula, non é unha aula propiamente dita pero si en canto ó tamaño porque ten o tamaño dunha aula normal e polo tanto pode acoller 50 alumnos apretados en cada quenda.

Existe a posibilidade de facer unhas obras que habilitarían un espazo máis apropiado na que foi antiga vivenda do conserxe que ademais está dentro do propio centro. Xa se pediu e concedeu no seu día o cambio de uso para seren dedicado este espazo a comedor escolar.

Xa hai promesa por parte da Consellería de que isto se vai facer, en concreto xa parecía que se ía facer o verán pasado pero non se fixo e nestes momentos hai incertidume con respecto a se esas obras se van facer ou non.

Dada a importancia do caso, o sentido da moción é pedir que o Concello medie nas negociacións e faga posible que se realicen este verán as obras necesarias que non son unicamente as relacionadas co comedor, hai outras colaterais para poderen habilitar o espazo que queda no que actualmente comen coma unha aula máis que tamén necesitan.

Estamos falando dunhas obras que non son máis que cambiar tabiques e abrir unhas xanelas que na actualidade son moi pequenas. Son obras menores que se non se fan ó mellor é por falla dunha xestión que lles dea a importancia que teñen á hora de priorizar.

Tamén quero deixar claro que estou afeita a recibir coma resultado das mocións aprobadas que as xestións feitas polo Goberno do PP consisten en: "Achego moción aprobada no Pleno X a tal sitio". Iso para min non é unha xestión, é o mínimo que se pode facer para dicir que se fai algo pero non é xestionar, para min xestionar non é nin iso, nin facer unha chamada telefónica; é concertar unha cita, negociar a cuestión e neste caso entendo que concertala conxuntamente coa dirección do centro.

Pedimos en concreto: "Que o Goberno municipal medie nas xestións que están levando a cabo a ANPA e a Dirección do centro García Barbón coa Delegación de Educación coa finalidade de acometer as obras necesarias para habilitar un comedor que permita a existencia deste servizo en condicións óptimas.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Estamos de acordo na importancia do comedor no centro de ensino porque mesmo incrementa a matrícula do centro a existencia ou non de comedor. Este ano esa preocupación nos fai poñer en marcha un novo comedor no colexio infantil Santa Tegra que antes non existía, xa está encargada a obra para que os alumnos teñan o comedor no propio colexio e non teñan que se desprazar a outro. Outro colexio que non tiña comedor, o colexio Altamar xa ten adxudicada a obra pola Xunta de Galicia. Ista foi unha das reclamacións que se fixo co obxectivo de que este colexio da zona das Travesas teña comedor.

O García Barbón é un dos colexios cunha elevada matrícula que ademais se incrementou e hoxe son preto de 150 nenos os que asisten ó comedor deste colexio e isto esixe que se faga unha serie de quendas para os atender no espazo actual. O espazo do colexio non é suficiente por estaren ocupado por aulas e por iso é necesario ben incrementar aquel espazo ou ben unha nova edificación.

Nestes últimos anos o Concello fixo importantes reformas neste colexio demandadas pola propia Dirección do centro: os aseos na planta baixa, porta de emerxencia, etc. e invistíronse preto de 30.000 euros nos últimos anos. Pouco antes do verán do 2005 quedou libre a vivenda do conserxe que falecera e alí vivía a viúva quen posteriormente abandonou a vivenda. Chégase entón a un acordo coa Dirección do centro coa finalidade de que se poida construír alí un comedor.

Esta solicitude transmitíuselle ó Delegado e mesmo á Conselleira na reunión que tiveron aquí o 10 de novembro de 2005 na que se entregou un escrito sobre as obras do Concello de Vigo nos colexios e unha delas era de ampliación para instalar un novo comedor máis amplo no centro García Barbón

que ademais, coma falaba vostede, non só é a ampliación do comedor na vivenda do conserxe, senón que esixe unha serie de modificacións en baños, vestiarios ou transformar o anterior comedor en aula. As últimas conversas que tivemos co Delegado de Educación foron para que se executasen estas obras o máis axiña posible xa que o proxecto xa se está elaborando.

O obxectivo do Concello é que o colexio García Barbón, igual que o colexio Altamar que xa ten encargadas as obras a unha empresa, non só teña comedor, senón que sexa o suficientemente amplo para non ter que facer tres quendas. A reclamación do Concello á Delegación é que continue o proceso xa que polas novas que tiñamos ata agora semellaba que efectivamente ían retrasar un pouco as obras aínda que o proxecto para as executar xa existía.

Imos continuar insistindo para que este colexio non teña só comedor, coma dicía vostede, senón que sexa o suficientemente amplo para evitar as tres quendas e que só haxa unha ou dúas coma máximo neste comedor do centro García Barbón.

(Están ausentes os Sres. Arias Moreira, Barros Punte, Comsaña Abalde e Iglesias Carrera e a Sra. Porteiro García).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintedous membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal do BNG, Sra. Martíns Vilanova, instando a realizar as obras necesarias para a instalación dun comedor no CEIP García Barbón, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

17.- (132).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE RELATIVA Ó SERVIZO DE MANTENIMENTO E CONSERVACIÓN DE ZONAS VERDES.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 15 de xuño, a concelleira do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sra. Graña Barcia, formula a seguinte moción:

"A Xunta de Goberno Local, en sesión do 8 de novembro de 2004, aprobou o expediente de contratación da xestión do servizo público de conservación e reposición de zonas verdes e parques infantís do Concello de Vigo, así como a convocatoria do concurso para a elección do contratista.

A Xunta de Goberno Local, en sesión do 29 de marza, adxudicou a Cespa, S.A. o lote I do concurso convocado para a contratación de mantemento e conservación de zonas verdes do Concello de Vigo, por un prezo anual de 3.539.490,17 euros, segundo os pregos de cláusulas administrativas e condicións técnicas que rexeron o expediente de contratación e a oferta presentada, ao conseguir a máxima puntuación.

O Concello e Vigo, en data 6 de xuño de 2005, subscribiu contrato para a prestación do servizo de mantemento e conservación de parques e xardíns do Concello de Vigo coa adxudicataria Cespa, S.A.

O prego de bases técnicas establece que a xornada laboral en Samil (piscinas) será dende abril ata setembro (ambos incluídos) dende as 7,00 horas ata as 22,00 horas (incluídos sábados, domingo se festivos), debendo esixir o mínimo de socorristas diplomado sen cada piscina. Tamén se recolle que Samil (parque), en época de abril a setembro (ambos incluídos), de luns a venres e en xornada de tarde deberá existir un mínimo de 5 operarios, así como en sábados, domingos e festivos un número mínimo de 8 operarios en xornada matinal e un número non inferior a 5 en xornada de tarde. O 1 de abril, data de inicio da tempada, estas condicións non se cumprían e actualmente tampouco.

Estes datos suxiren unha deficiente xestión dun dos contratos deste Concello que debería esixir un especial seguimento e control por parte do Goberno Municipal en atención tanto ao seu valor e significado para a cidadanía como pola importante achega de recursos económicos municipais.

Por todo o anterior presentamos para a súa aprobación polo Pleno Municipal o seguinte acordo:

Requirir ao Goberno Municipal o control e seguimento das condicións de contratación do servizo de mantemento e conservación de zonas verdes do Concello de Vigo e, en concreto, o cumprimento das condicións que afectan aos servizos de Samil."

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 19 de xuño, quedou enterada do contido da anterior moción.

INTERVENCIÓN DA SRA. GRAÑA BARCIA: Acabamos de comprobar en dous asuntos anteriores da orde do día que a raíz de determinadas denuncias presentadas por grupos da oposición sobre incumprimentos que se relacionan coa execución de obras, produciuse un efecto positivo na actuación do Goberno. Esperamos que esta moción produza o mesmo efecto.

A contratación de servizos polo Concello non só representa un dos máis importantes gastos do orzamento, senón que incide dun xeito directo na calidade de vida dos cidadáns. Falamos dende o mantemento de parques e xardíns, a recollida do lixo ou a limpeza das rúas.



Dende o noso entender existe por tanto para o Goberno municipal unha dobre responsabilidade no exercizo obrigado do control e seguimento destes contratos polo que representa de gasto público e pola súa incidencia na vida diaria dos cidadáns.

O 29 de marzo de 2005 adxudicouse o contrato para o mantemento e conservación de zonas verdes por un importe de 3.500.000 euros. O devandito contrato contempla, entroutras, a obriga por parte da adxudicataria do mantemento e explotación das piscinas de Samil. Esta obriga concrétase tanto en dotacións determinadas de persoal para distintos labores, dende operarios ata socorristas, coma un período de funcionamento das piscinas que abrangue dende o mes de abril ó mes de outubro, ambos inclusive.

Dende o 1 de abril, data na que se determina contractualmente a data de inicio de tempada nas piscinas, a verdade é que só detectamos incumprimentos.

No mes de abril aínda se iniciaban os traballos de posta a punto das piscinas, polo tanto dificilmente poderían estar en funcionamento en data 1 de abril coma así preceptúan as condicións contractuais.

Tamén detectamos que a autorización á Xunta para o uso das piscinas solicitouse no mes de maio e por tanto dificilmente podía existir unha autorización que se solicita con posterioridade á data contractual avalada pola Xunta no momento en que debera ser: o 1 de abril.

Igualmente detectamos que a día de hoxe aínda non están operativas todas as piscinas. Por último non consta tampouco o que debera ser, é dicir, a contratación de diplomados socorristas en data 1 de abril.

O Goberno aprobou uns pregos, adxudicou un contrato, obviamente a concesionaria tivo que aceptar as condicións da adxudicación e por tanto entendemos que nada xustifica que non se esixa por parte do Goberno municipal o cumprimento do contrato nos seus propios termos.

A nosa proposta é no sentido de requirir ó Goberno municipal o control e seguimento das condicións de contratación do servizo de mantemento e conservación de zonas verdes e en concreto o cumprimento das condicións que afectan ós servizos de Samil.

(Están ausentes os Sres. Arias Moreira, Barros Punte, Comesaña Abalde e Iglesias Carrera e a Sra. Porteiro García).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintedous membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituen de dereito e de feito,

-----  
S.Ordinaria 26.06.06

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sra. Graña Barcia relativa ó servizo de mantemento e conservación das zonas verdes, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

18.- (133).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE INSTANDO A ELABORACIÓN E PUBLICIDADE DUN MANUAL COS DEREITOS E GARANTÍAS DOS CONTRIBUÍNTES.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 19 de xuño, o concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Caballero Míguez, formula a seguinte moción:

“O concepto de cidadanía leva implícito nos estados democráticos modernos unha faceta económica que establece as obrigas fiscais dos individuos e axentes derivadas do modelo económico do sector público existente. Os cidadáns convértense así en contribuíntes obrigados a colaborar no sostemento dos gastos públicos, e esta relación exige tamén o desenvolvemento efectivo dos dereitos e garantías que lle corresponden ós contribuíntes. Obrigas e dereitos son as dúas caras do proceso e non hai forma máis acertada de exixir o cumprimento das obrigas que o acerto na definición e aplicación dos dereitos e garantías derivadas desas obrigas. Tamén a publicidade dos dereitos e garantías é relevante.

Cando é conveniente colocar ós cidadáns no centro da vida política municipal, un canle importante incorpora a aposta polos dereitos e garantías dos cidadáns na súa faceta de contribuíntes das arcas municipais. Deste xeito, a defensa do contribuínte convértese na defensa dos cidadáns nun eido de actividade que resulta vital para as capacidades económicas dos concellos, pero tamén para a propia afección dos cidadáns ó funcionamento dos seus concellos e da propia democracia.

Os recursos públicos son vitais para aplicar e impulsar políticas que favorezan a igualdade de oportunidades, a dotación de bens públicos e avances no modelo económico e social. Por iso é importante dar un tratamento de rigor e eficiencia a todo o referente ós recursos públicos, coidando non só a vertente dos gastos senón tamén a dos ingresos públicos. A ordeación dos tributos baséase na capacidade económica das persoas e nos principios de xustiza, xeralidade, igualdade, progresividade, equitativa distribución da carga tributaria e non confiscatoriedade e a aplicación do sistema tributario debe asegurar o respecto os dereitos e garantías dos contribuíntes de acordo á lexislación vixente. Deste xeito, o desenvolvemento dos dereitos dos contribuíntes constitúe un canle que apoia a necesaria contribución ás arcas públicas dos cidadáns para sufragar as actuacións dos gobernos, e pode favorecer o mellor cumprimento voluntario das obrigas fiscais.

En tempos recentes, fíxose cada vez máis claro, tamén para a xestión municipal, a necesidade de fortalecer os dereitos e garantías dos

contribuíntes en todas as súas dimensións (noutras esferas de actuación houbo iniciativas vinculadas a estes asuntos, como por exemplo a creación do Consello para a Defensa do Contribuínte). Dende a aposta por garantir a seguridade xurídica dos contribuíntes de acordo coa lexislación vixente ata unha concepción integral da cidadanía que se estende tamén cara á defensa dos dereitos dos contribuíntes, resulta vital impulsar os dereitos do contribuínte e a súa participación nos procedementos tributarios, así como reforzar os compromisos da administración có obxectivo de conseguir celeridade e efectividade no cumprimento do marco legal.

Un catálogo xenérico de dereitos do contribuínte inclúe o dereito a coñecer o estado de tramitación dos procedementos nos que sexa parte; o dereito a utilizar a lingua oficial que desexe; o dereito á protección de datos; o dereito a un trato adecuado; certos dereitos de reembolso e devolución; o dereito a ser asistido; o dereito a coñecer a identidade de axentes que participan; o dereito a solicitar certificación e copia das declaracións presentadas; o dereito a non aportar documentos xa presentados; o dereito ás actuacións da administración menos gravosas; e o dereito a formular alegacións, entre outros, todos de acordo ós termos da lexislación vixente.

Esta iniciativa tenta sinalar a importancia desta liña de acción para a axenda política a través dunha proposta de posible realización dentro das competencias municipais, que pode impulsar o sentir de proximidade da cidadanía ó conxunto da actividade política, fortalecendo tamén o sentir de rexeitamento cara ó incumprimento fiscal. Iniciativas como esta, que aquí se presenta con carácter constructivo, implican un mecanismo de natureza máis política que lexislativa (pois a cuestión lexislativa excedería o ámbito local) e constituén un paso cara o futuro desenvolvemento desta liña de acción política no ámbito municipal, cuestión que require tamén doutros esforzos de maior calado que o que os Concellos poden acometer illadamente (cuestións referentes a novos órganos de defensa dos contribuíntes ou de interpretación de certas cuestións vía Comisión Mixta).

#### PROPOSTA:

Que o goberno municipal, en base ás prácticas municipais en curso, o regulamento vixente en aplicación e o compromiso político/público, elabore un documento actualizado a modo de Manual cos Dereitos e Garantías dos Contribuíntes das arcas municipais, o cal dende un enfoque amplo e incluso recolla de forma clara e didáctica a vontade política local neste senso e o conxunto de cuestións vinculadas (moitas delas legais e outras de corte horizontal). Así mesmo, resulta fundamental que o Goberno municipal lle dea toda a publicidade posible para reforzar a posición, e especialmente o sentir, dos cidadáns na súa faceta de contribuíntes, cuestión clave para apoiar a afección á actividade política."

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 19 de xuño, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. CABALLERO MÍGUEZ: Brevemente porque a exposición de motivos é suficientemente detallada coma para explicar tanto o espírito coma a concreción da moción.

O certo é que cada vez máis claramente na análise das cuestións tributarias parece relevante que ó poñer ós cidadáns no centro da vida política municipal tense que prestar unha atención preferente ás cuestións fiscais e tributarias.

O rigor e a eficiencia do sector público nos seus distintos niveis da administración esíxese non só na perspectiva do gasto público, senón tamén na do ingreso público.

Os modelos económicos da Europa occidental, cun sector público que representa boa parte da produción dun país, require non só buscar eses niveis de eficiencia como perceptores do gasto do sector público, senón tamén dar todo ese tipo de garantías nunha concepción integral da cidadanía ós individuos que a través dos distintos mecanismos do sistema tributario permiten o funcionamento das administracións públicas.

Neste senso e na perspectiva dunha liña de acción clara dende a economía pública que se ten apoiado nos últimos tempos nos distintos niveis de administración e que ten na creación do Consello para a defensa do contribuínte unha das súas mellores representacións, vimos presentar unha moción que de xeito constructivo trae a Pleno a posibilidade de elaboración dun manual cos dereitos e garantías dos contribuíntes. En definitiva é unha medida que tenta non só recoller toda a lexislación existente en desenvolvemento e cada vez cunha atención máis crecente, senón tamén na medida en que o municipio e a política local foi en todo o proceso de descentralización fiscal do estado das autonomías unha asignatura pendente e na medida en que os municipios teñen unha tendencia a recoller con maior peso a súa situación no sistema fiscal deste país, o certo é que todo o que sexa adiantar cuestións que vinculen os ingresos públicos e darlle garantías e dereitos ós contribuíntes, é un mecanismo efectivo e eficiente que non fai senón apoiar a necesidade de desenvolvemento que se está a dar e que se vai dar nos seguintes anos dende o Estado central e dende as autonomías cara ós municipios.

Polo tanto nun sistema no que a ordenación de tributos baséase fundamentalmente na capacidade económica das persoas, nos seus tres distintos niveis de posible apreciación e cos principios de xustiza, xeralidade, igualdade, progresividade, equitativa distribución da carga tributaria e non confiscatoriedade, o punto seguinte é esa garantía da situación legal, pública e política dos contribuíntes, en definitiva ser contribuínte, ser cidadán, dar dereitos e garantías ós contribuíntes e ser máis cidadáns.

A propia desafección que os cidadáns teñen cara ós representantes políticos, en concreto ós municipios, tense demostrado en todos os estudos que pode seren atallada no senso en que os cidadáns na medida en que contribuen sítense propietarios da elaboración das políticas públicas.

A moción que se presenta proponlle ó Goberno municipal que en base ás prácticas municipais en curso, o Regulamento vixente en aplicación e o compromiso político, elabore un documento actualizado a modo de manual cos dereitos e garantías dos contribuintes das arcas municipais, o que dende un enfoque amplo e inclusivo recolla de xeito claro e didáctico a vontade política local neste senso e o conxunto de cuestións vinculadas, moitas delas legais e outras tamén de corte horizontal, porque esta é unha cuestión transversal que afecta ás distintas políticas públicas nos distintos eidos.

Así mesmo resulta fundamental que o Goberno municipal lle dea toda a publicidade posible para fornecer a posición e especialmente o sentir dos cidadáns na súa faceta de contribuintes, cuestión clave para apoiar a afección á actividade política.

Neste senso e dentro das capacidades que existen dende os Concellos, dar un primeiro paso dunha liña que dende todos os niveis da administracións está chamada a seren desenvolvida nos próximos tempos e polo tanto é empezar a dar un sinal dende o Concello de Vigo que esta cuestión está presente e activa.

De houber calquera cuestión podería explicar o tema con algo máis de detalle.

SR. GUERRA FERNÁNDEZ: Gracias ó Sr. Caballero pola moción. Eu só quería facer unhas matizacións porque estou basicamente de acordo co que expón. Sinxelamente explicar que na ordenanza fiscal xeral deste Concello están reguladas todas as normas que rexen para os obrigados fiscais respecto deste Concello. É unha práctica habitual e as persoas, os contribuintes, os cidadáns poden dispoñer desa información na páxina web do Concello e tamén está dispoñible tanto no Rexistro como en todas as oficinas de Recadación. Así mesmo cada ordenanza concreta, cada taxa e cada imposto concreto define claramente as formas en que o cidadán ten que establecer a súa relación con este Concello. Aparentemente ata o día de hoxe esa relación digamos que é positiva. Os cidadáns non sinten que isto sexa un problema de primeira magnitude, por exemplo, abonda dicir que no informe do Valedor do Cidadán todas as queixas relativas a temas de recadación, ningunha delas tiña que

ver coa falla de información, senón máis ben co que era realmente a norma, por razóns económicas ou doutro tipo.

En todo caso coma o que abonda non estorba eu non teño inconveniente en recoller a súa moción e asumila coma propia tentando elaborar este regulamento que xa lle dixo que está nas ordenanzas, pero dar a maior publicidade para que os cidadáns teñan a maior tranquilidade posible.

SR. CABALLERO MÍGUEZ: Sinxelamente para sinalar que evidentemente todas as ordenanzas fiscais son públicas e existen, esta é unha cuestión clara, coma existen todos os niveis da administración coas distintas leis o que non quita que existan liñas de acción a maiores que se están aplicando nos distintos Concellos e que implica sen dúbida un recoller todas as cuestións de ordenanzas fiscais, recoller tamén cuestións legais que exceden á propia competencia municipal e que de feito é algo que se adoptou, por exemplo, para o Consello da defensa do contribuinte que sen dúbida foi un mecanismo existente no Ministerio de Economía a nivel tributario de carácter estatal que sen dúbida excedía directamente as cuestións legais, mesmo as constitucionais e quen sen dúbida desenvolveu toda unha liña de acción.

En todo caso coincido tamén en recoller esa situación existente, tentar presentar isto coma unha cuestión de planificación e de ampliación dunha liña que ademais ten un desenvolvemento legislativo crecente que está tendo nestes intres e, para non me alongar, dicir que nestas cuestións que se presentan sobre queixas e demais somos conscientes entroutras cousas porque escoitamos aquí ó Valedor do Cidadán hai unhas semanas.

(Están ausentes os Sres. Arias Moreira, Barros Ponte, Comesaña Abalde e Iglesias Carrera e a Sra. Porteiro García).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintedous membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Caballero Míguez, instando a elaboración e publicidade dun manuel cos dereitos e garantías dos contribuintes, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

19.- (134).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE RELATIVA Á COMISIÓN ESPECIAL DE SUXESTIÓNS E RECLAMACIÓNS E DO VALEDOR DO CIDADÁN.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 19 de xuño, o concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Calviño Rodríguez, formula a seguinte moción:

“No Pleno extraordinario de maio o Valedor do Cidadán presentou o informe anual correspondente ao ano 2005 no que se concluía salientando a mala colaboración global por parte do equipo de goberno e considerando especialmente vexatorias para a cidadanía as actitudes das concellerías de Urbanismo e Medio Ambiente e de Mobilidade e Seguridade.

O Grupo Municipal Socialista quere agradecer ao Valedor do Cidadán o seu alegato a prol dos dereitos dos cidadáns e expresar a súa coincidencia con el ao considerar un desprezo aos veciños, e ao propio Valedor engadiríamos, respostas estereotipadas dunhas liñas que non permiten na maioría das ocasións o máis mínimo diálogo ou avenencia ante reclamacións en moitas ocasións xustas e despois de moitos meses de espera.

Ante esta dura crítica a Alcaldesa anunciou a creación dun grupo de traballo para o seguimento das reclamacións dos cidadáns, amosando unha vez máis o descoñecemento dos Regulamentos que ela mesma asina, pois esta Comisión xa existe dende que o 25 de outubro de 2004 se aprobou en Pleno pola Corporación o “Regulamento Orgánico da Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións e do Valedor do Cidadán”. Corresponde a esta Comisión (art. 5 do Regulamento) o “coñecemento das reclamacións e suxestións que se formulan sobre o funcionamento da Administración Municipal, así como a supervisión, seguimento e inspección da súa actividade para a defensa dos dereitos dos veciños.”

A mellor mostra do nulo interese da Alcaldesa e do seu goberno na atención aos veciños é que tal Comisión reuniuse unha única vez dende a súa creación no 2004, incumprindo a primeira norma de funcionamento que é reunirse alomenos cada dous meses.

O total incumprimento do Regulamento chega ata a paradóxica situación de que tería que ser o Presidente da Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións o que presentara no Pleno pasado o informe anual do Valedor do Cidadán, como indica o artigo 13 do seu Regulamento.

Por todo isto, o Grupo Municipal Socialista propón ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

- Inmediata convocatoria da Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións para abordar as medidas a tomar para corrixir a mala colaboración do Goberno Municipal co Valedor do Cidadán e cos propios veciños.

- A creación urxente da “unidade municipal de suxestións e reclamacións dependente da Comisión que terá como fin a coordinación do estudo, tramitación, resposta e execución, no seu caso, dos escritos cursados e das

posibles disfuncionalidades manifestadas nos mesmos", tal e como obriga o artigo 7.3 do Regulamento."

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 19 de xuño, quedou enterada do contido da anterior moción.

INTERVENCIÓN DO SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: O pasado Pleno extraordinario o Valedor do Cidadán presentou o seu informe correspondente ó ano 2005 no que salientou fundamentalmente a mala colaboración global por parte do equipo de Goberno co Valedor e coa propia cidadanía.

Coma ven sendo habitual, cando se deu o informe do pasado ano, a seguir dese Pleno no que obviamente ó ser de dar conta non houbo intervencións dos grupos municipais, asistimos ó acostumado rosario de propósitos de emenda respecto a modificar a posición do Goberno municipal fronte a todo tipo de suxestións e reclamacións dos cidadáns, ata o punto de que a Sra. Alcaldesa anunciou a creación dun grupo de traballo que eu supoño que por descoñecemento ou esquecemento da existencia do propio regulamento ó que obriga a Lei, aprobado neste Pleno da Corporación o 25 de outubro de 2004, no que se aprobou este Regulamento orgánico da comisión especial de suxestións e reclamacións e do Valedor do Cidadán, que é a que ten que atender a todo este tipo de reclamacións e suxestións presentadas polos veciños.

Esta comisión reuniuse unha única vez incumprindo a primeira norma do seu funcionamento que é que se reuna alomenos cada dous meses.

En canto ás mocións máis ou menos estamos acostumbrados a que non se cumpran por parte do Goberno, pero un Regulamento que esixe a Lei, aprobado claramente por unanimidade por parte desta Corporación, ata tal punto é grave este incumprimento e por outra banda paradóxico, que de seren cumprido este Regulamento nin siquiera sería o Valedor do Cidadán quen presentaría o informe porque tería que ser o presidente desta comisión regulamentada quen fixera este informe e dentro del o do Valedor do Cidadán.

Saliento esta paradoxa porque coido que o grao de esquecemento, de incumprimento das obrigas do Goberno e dos responsables, neste caso o Presidente da Comisión informativa é un membro do Goberno, paréceme absolutamente inconcebible.

É por isto que o Grupo municipal Socialista propón ó Pleno da Corporación a inmediata convocatoria desta Comisión especial de Suxestións e Reclamacións



para abordar as medidas a tomar para corrixir a mala colaboración do Goberno municipal co Valedor do Cidadán e cos propios veciños. Tamén a creación urxente, tal e como pide e obriga o artigo 7.3 dese Regulamento, da Unidade municipal de suxestións e reclamacións dependente da Comisión que terá coma fin a coordinación do estudo, tramitación, resposta e execución, no seu caso, dos escritos cursados e das posibles disfuncionalidades manifestadas nos mesmos tal e como obriga ese artigo 7.3 do Regulamento que xa citei.

(Están ausentes os Sres. Arias Moreira, Barros Punte, Comesaña Abalde, Fernández Fernández, Iglesias Carrera e Vieitez Alonso e a Sra. Porteiro García).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinte membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Calviño Rodríguez, relativa á Comisión especial de suxestións e do Valedor do Cidadán, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

20.- (135).-ROGOS E PREGUNTAS.

\* PREGUNTA DA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SRA. MARTÍNS VILANOVA, RELATIVA Ó FUNCIONAMENTO DO AR ACONDICIONADO NO AUDITORIO MUNICIPAL.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 26 de xuño de 2006, a concelleira do Grupo municipal do BNG, Sra. Martíns Vilanova, formula a seguinte pregunta:

"Os asistentes aos actos que se celebran no Auditorio Municipal veñen sufrindo dende hai meses os problemas derivados da falla de funcionamento do ar acondicionado. O sistema estragouse en xaneiro e dende entón o Goberno municipal do Partido Popular non foi quen de reparalo para garantir que os eventos se desenvolvan nunhas condicións axeitadas. Esta situación ten provocado que en varias ocasións o público tivera que abandonar o

auditorio antes de que rematar o acto porque o calor facía insoportábel continuar dentro.

Este é o único Auditorio Municipal que ten o Concello de Vigo e o BNG considera que debe garantirse un correcto mantemento das instalacións. O auditorio ten unha gran demanda por parte de asociacións e colectivos de diversa índole, ademais dos actos institucionais que nel se poden celebrar, o que fai que estea ocupado case todos os días do ano. Non se pode entender como unha instalación que é tan solicitada non teña á atención que precisa e transcorrido medio ano aínda non se teña reparado o sistema de ar acondicionado. A única explicación posíbel é o desinterese que amosa o PP por este tipo de cuestións.

Esta situación pode empeorar nos vindeiros meses coa subida xeralizada das temperaturas. Agora xa resulta difícil soportar o intenso calor que fai alí dentro, pero cando nos atopemos en pleno verán será imposíbel que os actos se desenvolvan con normalidade

A actividade no Auditorio Municipal é moi intensa todo o ano, pero nesta época increméntase porque se utiliza para celebrar festivais de fin de cursos de moitos centros educativos, así como representacións teatrais e tamén actividades organizadas pola propia Concellería de Cultura. Recentemente nesta instalación tivo lugar a homenaxe dos grupos da oposición ao colectivo de Represaliados do 36 e tamén se manteñen as proxeccións do Cine-clube Lumière.

PREGUNTA: Cal é o motivo do retraso na reparación do ar acondicionado, e cando está pensado reparalo?"

INTERVENCIÓN DA SRA. MARTÍNS VILANOVA: Esta pregunta faise en relación co auditorio municipal. Os asistentes ós diversos actos que se realizan no auditorio dende hai algúns meses sofren os problemas derivados da falla de funcionamento do aire acondicionado. Ó parecer o sistema estragouse no mes de xaneiro e dende esa data así quedou.

Hai uns día puidemos ver como era insoportable o calor que facía dentro do auditorio. Hai persoas que chegan mesmo marchar de distintos actos que se realizan e fun testemuña de cómo así se facía nunha sesión de cine que ademais era de pago.

Ademais o auditorio municipal, que é o único municipal de Vigo, ten unha grande demanda, fanse tamen nel diversos actos institucionais, festivais de fin de curso etc.

Nos próximo meses e coa chegada do verán a situación inda pode empeorar cando volte o calor, polo tanto a miña pregunta neste sentido é cal é o motivo do retraso na reparación do aire acondicionado e cando se pensa facer.

\* PREGUNTAS FORMULADAS POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SR. FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, RELATIVAS Ó CUMPRIMENTO E DIVERSOS ACORDOS PLENARIOS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 27 de xuño de 2006, o concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Fernández Fernández, formula as seguintes preguntas:

"En nome e representación do Grupo Municipal do BNG o concelleiro Amador Fernández Fernández ten asumido como propios os acordos que en distintos Plenos se teñen tomado por unanimidade e, por iso, en cada Pleno ordinario fareille cando menos o recordatorio de seis cuestións e moito me temo non ter suficientes Plenos na presente lexislatura para recordarlle a súa ineficacia e a do seu goberno para cumprir os acordos plenarios. Así formulo e presento por escrito as seguintes preguntas para que, a ser posible, sexan contestadas no Pleno ordinario do mes de xuño do ano que andamos.

1ª.- Qué medidas tomou ou cando as pensa tomar, para o cumprimento da moción aprobada en Pleno para dotar de beirarrúas ao tramo que vai dende a Pontenova ao Freixeiro?

2ª.- Ten vostede intención de cumprir a ordenanza "solar" nos edificios públicos e, qué proxectos novos ten para instalar paneis solares térmicos?

3ª.- Ten vostede coñecemento do lamentable estado das beirarrúas da rúa Gregorio Espino?

4ª.- Ten vostede coñecemento de que no Concello existe a cesión dos propietarios de terreo para continuar co ensanche da rúa Bagunda?

5ª.- Temos xa algunha posibilidade de coñecer prazos do inicio de novas obras no periurbán de Vigo pola Deputación?

6ª.- Canto tempo ten que pasar para que se ordene a reparación do lastro da rúa María Berdiales?"

\* PREGUNTA FORMULADA POLO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SR. TOBA GIRÓN, RELATIVA Ó ARRANXO DO RELOXO DO INSTITUTO SANTA IRENE.

INTERVENCIÓN DO SR. TOBA GIRÓN: Recentemente falando co Sr. Coello e máis co director do Centro Santa Irene e co presidente da Asociación de Comerciantes das Travesas comentamos da dispoñibilidade para resolver o problema do reloxo do Instituto Santa Irene. A pesar de que o Sr. Coello comprometeu comigo o inicio das obras de reparación, que eu saiba non se iniciou absolutamente nada e isto ten data do venres pasado.

As miñas preguntas son: Teñen pensado vostedes acometer esas obras de reparación? En qué prazo?

A PRESIDENCIA: Respostaráselle.

\* ROGO FORMULADO POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE, SRA. SÍO LOURIDO RELATIVO Á CONVOCATORIA DA COMISIÓN DA BICICLETA.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 21 de xuño de 2006, a concelleira do Grupo municipal Socialista, Sra. Sío Lourido, formula o seguinte rogo:

"Hai mais dun ano presentouse unha moción no Pleno sobre a creación dun carril-bici pola beira do mar e a constitución dunha Comisión da Bicicleta, ademais doutras cuestións.

A citada Comisión convocábase informalmente con representantes de todos os grupos municipais para diversas actuacións que nunca tiveron lugar.

No último mes veño de informar a todos os grupos municipais e de pedir ó concelleiro do PP que forma parte da citada comisión e que é membro de Goberno, que faga unha convocatoria oficial polo seguinte:

O Concello de Vigo pode dispoñer, se o solicita, de antigos fondos do Ministerio de Industria, agora fondos do IDAE (Instituto de Diversificación y Ahorro Energético), que son xestionados en Galicia a traveso do INEGA (Instituto Enerxético de Galicia), para dúas cuestións; unha solicitar os 140.000 euros que están previstos para Vigo para crear un sistema de aluguer de bicicletas e outra pedir fondos (entre 50.000 e 300.000 euros) para facer un Plan de Mobilidade Urbana Sostible ou Estudos de Viabilidade relacionados co Plan.

Estes datos están á súa disposición na Axencia da Enerxía que está no Concello, ademais, para a súa información outros concellos como A Coruña e Pontevedra xa veñen de pedir estes fondos.

Por todo o anterior, rogo:

Que o Goberno se poña ao día e se tome en serio estes temas e que se convoque oficialmente a Comisión da Bicicleta para unha posta en común de todos os Grupos Municipais que seguro que estamos de acordo en pedir os fondos que corresponden á nosa cidade e en non deixar pasar esta oportunidade como tantas outras."

*A Sra. Sío Lourido procede a ler o texto do rogo transcrito anteriormente.*

INTERVENCIÓN DO SR. SOTO FERREIRO: Só quero subliñar o interese vocacional do Partido Galeguista historicamente e tamén de quen lles fala nestes

temas. Paréceme que hai moi pouca sensibilidade por parte do Goberno municipal neste asunto e debera irse para diante canto antes e do mellor xeito posible.

Coido que o rogo da Sra. Sío reflicte a vontade política expresada nas xuntanzas que tivemos nestes temas por parte de todos; hoxe non está o Sr. Iglesias que representaba ó Partido Popular e teño que recoñecer que se amosaba tan entusiasmado coma o resto dos partidos que alí estabamos con estes proxectos.

Se o Sr. Iglesias representa a vontade do Goberno, como non pode ser doutro xeito, non sei por qué o Goberno non da pasos cara adiante neste asunto.

En segundo lugar quero felicitar á Sra. Sío publicamente polo seu excelente galego.

\* ROGO FORMULADO POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE, SRA. SÍO LOURIDO RELATIVO Á CELEBRACIÓN DA MOSTRA E MÁIS DO ENSALZAMENTO DO TRAXE GALEGO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 21 de xuño de 2006, a concelleira do Grupo municipal Socialista, Sra. Sío Lourido, formula o seguinte rogo:

"A Escola Municipal de Danza ven celebrando dende hai anos dous acontecementos relevantes na nosa cidade como son a "Mostra do traxe galego" e o "Ensalzamento de traxe galego", acadando nestas datas a XVI e VII edicións respectivamente.

A Praza de Compostela e máis tarde a Praza da Constitución, acolleron estes actos acadando gran expectación e asistencia entre veciños e visitantes.

A través dos anos estas dúas exhibicións gañaron fama en toda Galicia e na actualidade ven participar a Vigo xente de calquera lugar de Galicia. Por exemplo no Ensalzamento deste ano celebrado o pasado día 17 de xuño, participou xente de Silleda, Ferrol, Coruña, Santiago, Tui, A Estrada, etc.

Dun tempo a esta parte pasaron celebrarse na Praza do Berbés. Dende entón, e sobre todo debido a que non é un lugar de paso habitual para peóns e con escaso servizo de transporte urbano, o número de asistentes baixou considerablemente, ao que tamén puido contribuír o cambio na data da celebración da Mostra do sábado, véspera da procesión, para o venres co motivo de non interromper o paso dos que, adiantándose ao día, fan o percorrido.

Este cambio de localización tamén provocou o disgusto dos propietarios de comercios, bares e cafeterías da Praza de Compostela que postos en contacto coa Dirección da Escola solicitaron a volta da exhibición alegando que dende a apertura da zona peonil de Montero Ríos a Alameda saíu prexudicada.

Por todo o anterior rogo:

Que a Mostra do Traxe que terá lugar no próximo mes de xullo, así como as que se celebren a partir de agora, teñan lugar na Praza de Compostela por ser unha praza emblemática da nosa Cidade á que non se lle dá o uso e disfrute que merece e que ao mesmo tempo se presta mellor que ningunha outra para este tipo de actividade."

\* ROGO FORMULADO POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE, SRA. SÍO LOURIDO RELATIVO Á UTILIZACIÓN DOS ESPAZOS PÚBLICOS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 21 de xuño de 2006, a concelleira do Grupo municipal Socialista, Sra. Sío Lourido, formula o seguinte rogo:

"A utilización dos espazos públicos pola cidadanía define o tipo de cidade na que se vive, as cidades vivas e con espírito de convivencia utilizan ao máximo todos os seus espazos de encontro. Na nosa cidade non son moitos, pero os que existen deben ser rendabilizados socialmente por toda a poboación.

Que eu saiba non existe ningunha normativa aprobada por este Pleno que defina a utilización destes espazos aínda que si é posible que o Goberno teña definido ou esbozado unhas normas para a súa utilización que cremos non deben de ser arbitrarias.

Dende o meu punto de vista os grupos municipais debemos coñecer como se regula a utilización destes espazos xa que a cidadanía tamén ven informarse con nos; por qué non se dá autorización ós tres días a DE BOA MAN na rúa do Príncipe cando sempre se fixo alí? Por qué nun primeiro momento se lle di ós libeiros que a feira do libro non se pode facer na Praza de Compostela aínda que ao final se faga? Por qué non se pode facer o Día do Libro na rúa do Príncipe e por qué todas as actividades derivadas do Marco sí se poden facer na rúa do Príncipe?...

Por todo o anterior, rogo:

Que o Goberno informe ós Grupos Municipais da normativa para a utilización dos espazos públicos se é que existe, se non é así que se elabore e, que se é posible, sexa aprobada nun Pleno."

\* PREGUNTA FORMULADA POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE, SRA. GRAÑA BARCIA RELATIVA Á CONVOCATORIA DA PRAZA DE DIRECTOR/A DA ESCOLA DE ARTES E OFICIOS.

INTERVENCIÓN DA SRA. GRAÑA BARCIA: No Pleno do 24 de abril expresamente solicitamos a convocatoria pública da praza de director/a da Escola de

Artes e Oficios dada a situación de baixa laboral do director. Lembrarán que son dúas as mocións relativas a este asunto xa aprobadas polo Pleno. A pasada semana os medios recolleron a noticia da posible designación dun funcionario municipal para o posto de director.

Non nos estrañó porque na última Xunta Rectora o presidente, Sr. López-Chaves, sen respecto ningún polos vocais nin polo procedemento, invitou a un funcionario municipal á reunión e, sen constar na orde do día e intervindo en rogos e preguntas, anunciounos que esta persoa podería ser o próximo director da Escola de Artes e Oficios.

Lembrámoslle nesa reunión ó Sr. López-Chaves, e así debe constar na acta, a legalidade, a necesidade e a obriga da convocatoria pública da praza así como as mocións aprobadas nese sentido e lembrámosllo agora a vostede, Sra. Alcaldesa.

A nosa pregunta por tanto é, cándo se vai convocar a praza para a cobertura de director/a da Escola de Artes e Oficios? A situación da Escola é grave e require unha actuación urxente, a desidia foi importante e por iso un rogo: que a convocatoria se realice de xeito inmediato.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás doce horas e dez minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fé do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e maila do Excma. Sra. Alcaldesa-Presidenta, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv.

A ALCALDESA,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

M<sup>a</sup> Corina Porro Martínez

José Riesgo Boluda.